Durante o período lectivo sempre estará presente, polo menos, un membro do equipo directivo no centro para a atención dos membros da comunidade educativa.

| GARDAS DO EQUIPO DIRECTIVO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 08:45 09:35 | Dolores Yañez Casal | Dolores Yañez Casal | Todo o ED | Dolores Yañez Casal | Dolores Yañez Casal |
| 09:35 10:20 | Diego Calviño Fernández | Diego Calviño Fernández | Todo o ED | Diego Calviño Fernández | Diego Calviño Fernández |
| 10:20 11:05 | Mª Isabel Hermida Rodríguez | Dolores Yañez Casal | Todo o ED | Dolores Yañez Casal*)* | Mª Isabel Hermida Rodríguez |
| 11:05 11:50 | Mª Isabel Hermida Rodríguez | Dolores Yañez Casal | Mª Isabel Hermida Rodríguez | Dolores Yañez Casal | Mª Isabel Hermida Rodríguez |
| 12:10 13:00 | María X. Anca Casal *(garda aula)* | María X. Anca Casal *(en aula)* | Diego Calviño Fernández | María X. Anca Casal *(garda aula)* | Dolores Yañez Casal *(en aula)* |
| 13:00 13:45 | María X. Anca Casal *(en aula)* | María X. Anca Casal *(garda aula)* | Diego Calviño Fernández *(en aula)* | María X. Anca Casal *(en aula)* | María X. Anca Casal *(en aula)* |
| 16:20 17:10 | | Mª Isabel Hermida Rodríguez | | Dolores Yañez Casal | |
| 17:10 18:00 | | Mª Isabel Hermida Rodríguez | | Dolores Yañez Casal | |

En caso de ausencia ou enfermidade da directora será substituída nas súas funcións pola Xefa de Estudos de Primaria Mª Dolores Yáñez Casal.

## 4.2 EQUIPO DE CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

O equipo de ciclo agrupa a todas as mestras que imparten docencia real para organizar e desenvolver baixo a supervisión da Xefa de Estudos de Infantil e Primaria as ensinanzas propias de Educación Infantil.

Reúnense cunha periodicidade mensual, coincidindo co primeiro xoves de cada mes, levantando acta o coordinador/a co resumo dos temas tratados e os acordos acadados.

Esta constituído, para o presente curso escolar, polas seguintes mestras:

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

| | | |
|---|---|---|
| Educación Infantil | Lucía Moure González | |
| | Milagros Casal Hermida | |
| | Cecilia Dopico Souto | *Coordinadora* |
| | Ana Belén Docampo González | |

## 4.3 EQUIPO DOCENTE DOS CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O equipo docente agrupa a todos os mestres que imparten docencia real en cada un dos cursos de Primaria, para organizar e desenvolver baixo a supervisión da Xefa de Estudos de Infantil e Primaria as ensinanzas propias de cada curso. Está presidido por cada mestra titora de cada curso, agás en 4º, que o preside a titora de 4º A Mª Ángeles Vázquez Maceiras.

## 4.4 DEPARTAMENTOS

Son órganos básicos de participación no ámbito pedagóxico da educación secundaria baseados nos principios de traballo en equipo, encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das materias e as actividades que se lles encomenden dentro do ámbito das súas competencias.

Para potenciar o funcionamento e a coordinación de todos os Departamentos, planificarán as reunións e temas a tratar.

Están compostos por tódolos profesores e profesoras que impartan o ensino propio das materias e todos eles contarán cun Xefe de Departamento.

As reunións dos departamentos didácticos faranse, como mínimo, unha vez ao mes, por norma xeral un xoves pola tarde, logo da convocatoria do xefe/a do departamento. As ditas reunións terán o mesmo carácter que as do claustro de profesores e computaranse dentro das sete horas complementarias non fixas. O xefe/a de departamento deberá levantar acta, no libro de actas correspondente, co resumo dos temas tratados e os acordos acadados.

Están constituídos para o presente curso escolar os seguintes:

| Equipo docente/departamento | Profesorado |
|---|---|
| Educación física | Diego Calviño Fernández (XD) |
| Educación plástica e visual | Lucía Sesto Porto (XD) |
| Física e química | Mª Monserrat Iglesias Rivera (XD) |

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

| | |
|---|---|
| Francés | Sandra López López (XD) |
| Inglés | Mª Isabel Pardo Busto (XD) |
| Lingua e L. castelá | Mª Carmen González Díaz (XD)<br>Dulce Mª López Rivera |
| Lingua e L. Galega | María X. Anca Casal<br>Luisa María Dopico Rey (XD) |
| Matemáticas | Mª Isabel Hermida Rodríguez<br>Eva Mª López Pérez (XD)<br>Concepción Rodríguez Cotos |
| Música | Sonia Tizón Davila (XD) |
| Orientación | Benigno Sánchez Vales (XD)<br>Berta Blanco de la Piñera<br>Clara López Pedre<br>Mª Teresa Bouza Pérez<br>Berta Blanco de la Piñera<br>Concepción Rodríguez Cotos<br>Dulce Mª López Rivera<br>Gloria Gómez Edreira<br>Ana Belén Docampo González |
| Relixión | Montserrat Rodríguez Polo<br>(pertence ao IES Fernando Esquío, Neda) |
| Tecnoloxía | Blanca López Moreno (XD) |
| Xeografía e historia | Xosé Luis Couce Martínez<br>Lucía Prieto Seijas (XD) |

Rexístranse nos arquivos do Centro as programacións específicas para o presente curso escolar 2020-21 de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, elaboradas polos equipos docentes e departamentos correspondentes, así como a programación do departamento de orientación.

As programacións didácticas de cada curso/etapa educativa e das diferentes materias de Educación Secundaria Obrigatoria estarán a disposición de toda a comunidade educativa na Xefatura de Estudos e na páxina web do centro.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

| Distribución de materias afíns na ESO por departamentos | | |
|---|---|---|
| **Departamento** | **Materia** | **Cursos** |
| Educación Física | Promoción de estilos de vida saúdables | 1º |
| Física e Química | Bioloxía | 3º e 4º |
| Lingua e Lit. Castelá | Oratoria | 2º |
| | Valores éticos | 1º |
| Matemáticas | Bioloxía | 1º |
| Música | Valores éticos | 1º, 2º e 3º |
| Tecnoloxía | Programación | 1º e 2º |
| Plástica | TIC | 4º |
| Xeografía e Historia | Paisaxe e sustentabilidade | 1º |
| | Valores éticos | 4º |
| | Iniciación a actividade emprendedora e E. | 4º |
| | Economía | 4º |

## 4.5 LIBROS DE TEXTO

Os seguintes cadros reflicten os libros de texto en vigor as distinta etapas educativas. Compre lembrar que o ano de implantación dos mesmos coincide co da LOMCE, no curso 14/15 para 1º, 3º e 5º de EP; no curso 15/16 para 2º, 4º e 6º de EP, 1º e 3º da ESO; no curso 16/17 para 2º e 4º da ESO. Nos cursos 5º e 6º de Educación primaria e 1º e 2º da ESO por forman parte do proxecto edixgal.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

| | Área | Título | Editorial | ISBN | Lingua |
|---|---|---|---|---|---|
| **Ed. Infantil 3 anos** | | | | | |
| 3 anos | Proyecto Quiero 1º trimestre | | Santillana | 978-84-680-4320-3 | Castelán |
| 3 anos | Proyecto Quiero 2º trimestre | | Santillana | 978-84-680-4321-0 | Castelán |
| 3 anos | Proyecto Quiero 3º trimestre | | Santillana | 978-84-680-4323-4 | Castelán |
| **Ed. Infantil 4 anos** | | | | | |
| 4 anos | Proyecto Quiero 1º trimestre | | Santillana | 978-84-141-1354-7 | Castelán |
| 4 anos | Proyecto Quiero 2º trimestre | | Santillana | 978-84-680-4343-2 | Castelán |
| 4 anos | Proyecto Quiero 3º trimestre | | Santillana | 978-84-680-4344-9 | Castelán |
| 4 anos | Matemáticas | Primeros pasos 4 | Edelvives | 978-84-263-7154-6 | Castelán |
| 4 anos | Matemáticas | Primeros pasos 5 | Edelvives | 978-84-263-7155-3 | Castelán |
| 4 anos | Matemáticas | Primeros pasos 6 | Edelvives | 978-84-263-7156-0 | Castelán |
| Ed. Infantil 5 anos | | | | | |
| 5 anos | Proyecto Quiero 1º trimestre | | Santillana | 978-84-141-1358-5 | Castelán |
| 5 anos | Proyecto Quiero 2º trimestre | | Santillana | 978-84-680-4359-3 | Castelán |
| 5 anos | Proyecto Quiero 3º trimestre | | Santillana | 978-84-680-4362-3 | Castelán |
| 5 anos | Matemáticas | Primeros pasos 7 | Edelvives | 978-84-263-7157-7 | Castelán |
| 5 anos | Matemáticas | Primeros pasos 8 | Edelvives | 978-84-263-7158-4 | Castelán |
| 5 anos | Cuaderno de escritura | Letrilandia 3 | Edelvives | 978-84-263-7141-6 | Castelán |

| | Área | Título | Editorial | ISBN | Lingua |
|---|---|---|---|---|---|
| **1º Educación Primaria** | | | | | |
| 1º E.P. | LINGUA CASTELÁ | Cuadernos Lengua Castellana 1º, 2º y 3º Trimestre | Santillana | 978-84-680-1541-5 | Castelán |
| 1º E.P. | LINGUA GALEGA | Caderno Lingua 1 Aprender é crecer | Anaya | 978-84-678-4708-6 | Galego |
| 1º E.P. | INGLÉS | Beep 1 Student´s book pack<br>Beep 1 Activity book pack | Richmond | 978-84-668-1463-8<br>978-84-668-1427-0 | Inglés |
| 1º E.P. | MATEMÁTICAS | Matemáticas para pensar | Santillana | 978-84-680-3274-0 | Castelán |
| 1º E.P. | MÚSICA | Os camiños do saber | Santillana | 978-84-9972-086-9 | Galego |
| 1º E.P. | | Lecturas<br>Historias de papel | Santillana | 978-84-680-8744-3 | Castelán |
| 1º E.P. | RELIXIÓN | Lanikai 1 | Vicens Vives | 978-84-682-5262-9 | Castelán |
| **2º Educación Primaria** | | | | | |
| 2º E.P. | LINGUA CASTELÁ | Lengua Castellana 2<br>Saber hacer | Santillana | 978-84-680-2546-9 | Castelán |
| 2º E.P. | LINGUA GALEGA | Lingua 2 caderno | Anaya | 978-84-678-7699-4 | Galego |
| 2º E.P. | INGLÉS | Beep 2 Student´s book pack<br>Beep 2 Activity book pack | Richmond | 978-84-668-1464-5<br>978-84-668-1428-7 | Inglés |
| 2º E.P. | MATEMÁTICAS | Matemáticas para pensar | Santillana | 978-84-680-2545-2 | Castelán |
| 2º E.P. | CIENCIAS NATURAIS | Ciencias da Natureza 2<br>Aprender é crecer | Anaya | 978-84-678-7701-4 | Galego |
| 2º E.P. | CIENCIAS SOCIAIS | Ciencias Sociais 2<br>Aprender é crecer | Anaya | 978-84-678-7703-8 | Galego |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2º E.P. | MÚSICA | Os camiños do saber | Santillana | 978-84-9972-089-0 | Galego |
| 2º E.P. | | Lecturas 2<br>A nave dos libros | Santillana | 978-84-9972-085-2 | Galego |
| 2º E.P. | RELIXIÓN | Lanikai 2 | Vicens Vives | 978-84-682-5263-6 | Castelán |

## 3º Educación Primaria *

Utilizarase o material complementario do banco de libros doado ao centro

| | Área | Título | Editorial | ISBN | Lingua |
|---|---|---|---|---|---|
| **4º Educación Primaria** | | | | | |
| 4º E.P. | LINGUA CASTELÁ | Lengua Castellana<br>Saber hacer | Santillana | 978-84-680-2956-6 | Castelán |
| 4º E.P. | LINGUA GALEGA | Lingua<br>Saber facer | Santillana | 978-84-9972-616-8 | Galego |
| 4º E.P. | INGLÉS | Beep 4 Student´s book pack<br>Beep 4 Activity book pack | Richmond | 978-84-668-1422-5<br>978-84-668-1458-4 | Inglés |
| 4º E.P. | MATEMÁTICAS | Matemáticas<br>Saber hacer | Santillana | 978-84-830-5609-7 | Castelán |
| 4º E.P. | CIENCIAS SOCIAIS | Cienciais Sociais<br>Saber facer | Santillana | 978-84-9972-714-1 | Galego |
| 4º E.P. | CIENCIAS NATURAIS | Ciencias Natuais<br>Saber facer | Santillana | 978-84-9972-600-7 | Galego |
| 4º E.P. | MÚSICA | Melodía 4 | Galinova | 978-84-9737-239-8 | Galego |
| 4º E.P. | RELIXIÓN | Proyecto Ágape | Edelvives | 978-84-263-9869-7 | Castelán |
| 4º E.P. | VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | Valores Sociais e Cívicos | Santillana | 978-84-9972-493-5 | Galego |

## 5º Educación Primaria

## 6º Educación Primaria

O centro consta como admitido na resolución definitiva da convocatoria de selección de centros para participar no **PROXECTO EDIXGAL**

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

| | Área | Título | Editorial | ISBN | Lingua |
|---|---|---|---|---|---|
| **1º Educación Secundaria Obrigatoria** | | | | | |
| O centro consta como admitido na resolución definitiva da convocatoria de selección de centros para participar no **PROXECTO EDIXGAL** na convocatoria 2020/2120<br>MATERIAS QUE SEGUIRÁN TENDO LIBROS DE TEXTO (non incluídas no Proxecto Edixgal) | | | | | |
| 1º ESO | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | ESO 1 Lengua y Literatura | Anaya | 978-84-678-5070-3 | Castelán |
| 1º ESO | INGLÉS | Spectrum Student´s book 1 | Oxford | 9780194852050 | Inglés |
| 1º ESO | INGLÉS | Spectrum Workbook 1 | Oxford | 9780194852135 | Inglés |
| 1º ESO | BIOLOXÍA E XEOLOXÍA | Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO | Anaya | 978-84-678-5181-6 | Galego |
| 1º ESO | MATEMÁTICAS | Matemáticas 1º ESO | Anaya | 978-84-678-5073- | Castelán |
| **2º Educación Secundaria Obrigatoria** | | | | | |
| 2º ESO | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | Lengua y Literatura | Anaya | 978-84-698-1420-8 | Castelán |
| 2º ESO | INGLÉS | Spectrum. Student´s Book | Oxford | 978-0194-85-221-0 | Inglés |
| 2º ESO | INGLÉS | Spectrum. Workbook | Oxford | 978-0194-85-229-6 | Inglés |
| 2º ESO | MATEMÁTICAS | Matemáticas 2º ESO | Anaya | 978-84-698-1426-0 | Castelán |

| | Área | Título | Editorial | ISBN | Lingua |
|---|---|---|---|---|---|
| **3º Educación Secundaria Obrigatoria** | | | | | |
| 3º ESO | XEOGRAFIA E HISTORIA | Saber facer | Santillana | 978-84-9972-415-7 | Galego |
| 3º ESO | FRANCÉS | Tous ensemble! 3 (Livre de l' élève) | Vicens-Vives | 978-84-682-1792-5 | Francés |
| 3º ESO | FRANCÉS | Tous ensemble! 3 (Cahier d' exercices) | Vicens-Vives | 978-84-682-1793-2 | Francés |
| 3º ESO | MÚSICA | Proxecto Século XXI (caderno) | Galinova | 978-84-9737-162-9 | Galego |
| 3º ESO | CULTURA CLÁSICA | Cultura Clásica | Anaya | 978-84-678-5190-8 | Galego |
| 3º ESO | LINGUA GALEGA E LITERATURA | ESO 3 Lingua galega e Literatura | Anaya | 978-84-678-5332-2 | Galego |
| 3º ESO | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | ESO 3 Lengua y Literatura | Anaya | 978-84-678-5210-3 | Castelán |
| 3º ESO | INGLÉS | New English IN USE. ESO 3 - Student´s book | Burlington Books | 978-9963-51-671-1 | Inglés |
| 3º ESO | INGLÉS | New English IN USE. ESO 3 – Workbook | Burlington Books | 978-9963-51-672-8 | Inglés |
| 3º ESO | FÍSICA E QUÍMICA | Física y Química 3º ESO | Edebé | 978-84-683-2112-7 | Castelán |
| 3º ESO | Bioloxía e Xeoloxía | Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO | Anaya | 978-84-678-5334-6 | Galego |
| 3º ESO | MATEMÁTICAS | Matemáticas aplicadas | Anaya | 978-84-678-5216-5 ou 978-84-678-5215-8 | Castelán |
| 3º ESO | MATEMÁTICAS | Matemáticas académicas | Anaya | 978-84-678-5213-4 ou 978-84-678-5212-7 | Castelán |

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

## 4º Educación Secundaria Obrigatoria

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 4º ESO | HISTORIA | Saber Facer | Santillana | 978-84-9972-713-4 | Galego |
| 4º ESO | FRANCÉS | Tous ensemble! (Livre de l' élève) | Vicens-Vives | 978-84-682-1794-9 | Francés |
| 4º ESO | FRANCÉS | Tous ensemble! (Cahier d' exercices) | Vicens-Vives | 978-84-682-1795-6 | Francés |
| 4º ESO | LINGUA GALEGA E LITERATURA | Lingua Galega e Literatura | Anaya | 978-84-698-1251-8 | Galego |
| 4º ESO | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | Lengua y Literatura | Anaya | 978-84-698-1063-7 | Castelán |
| 4º ESO | INGLÉS | New English in USE - Student´s book ESO 4 | Burlington Books | 978-9963-51-678-0 | Inglés |
| 4º ESO | INGLÉS | New English in USE – Workbook ESO 4 | Burlington Books | 978-9963-51-679-7 | Inglés |
| 4º ESO | FÍSICA E QUÍMICA | FQ4 - Física y Química 4 | Vicens Vives | 978-84-682-3664-3 | Castelán |
| 4º ESO | BIOLOXÍA E XEOLOXÍA | Bioloxía e Xeoloxía | Anaya | 978-84-698-1253-2 | Galego |
| 4º ESO | MATEMÁTICAS | Matemáticas aplicadas | Anaya | 978-84-698-1072-9 | Castelán |
| 4º ESO | MATEMÁTICAS | Matemáticas académicas | Anaya | 978-84-698-1069-9 | Castelán |

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

# 5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

## 5.1 O CPI NA REDE

Como instrumento de comunicación, de información e de traballo co alumnado, o noso colexio conta cunha páxina web, unha aula virtual con varios cursos e diferentes blogues, elaborados polo profesorado dos distintos niveis educativos:

- *Páxina web do CPI A Xunqueira:* con información de carácter xeral e enlaces á aula virtual e aos diferentes blogues
  - http://www.edu.xunta.es/centros/cpiaxunqueira/
- *CUESTIÓN DE PLÁSTICA:* diferentes actividades, dirixido aos alumnos da materia de Educación Plástica e visual da ESO
  - https://sites.google.com/site/cuestiondeplastica/
- *Equipo de Normalización CPI A Xunqueira Blog:*
  - http://normalizaaxunqueira.blogspot.com.es/
- *PEQUECHOS DE GELIS:* blog de educación primaria
  - http://pequechosdaxunqueira.blogspot.com.es/
- *Biblioteca "A Xunqueira"*
  - http://bibliotecaxunqqueira.blogspot.com.es/
- *Aprendendo a ser persoa, aprendendo a convivir. CPI A Xunqueira:* actividades para mellorar a convivencia elaborado polo Equipo Dinamizador da Convivencia Escolar
  - http://convivenciaaxunqueira.blogspot.com.es/
- Páxina de Facebook do CPI A Xunqueira
  - https://www.facebook.com/axunqueirafene/?ref=aymt_homepage_panel

## 5.2 CONMEMORACIÓNS

Realizaranse aquelas conmemoracións que establece a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu capítulo I, Artigo 8.

Os profesores/as traballarán en estreita colaboración coas Xefas de Estudos, esperando así axilizar e organizar mellor as actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos a utilizar.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Celebración do Samaín (do 27 ao 30 de outubro).
- Celebración do día internacional da eliminación da violencia contra á muller (mércores 25 de novembro)
- Festival de Nadal (queda suspendido pola situaciónsanitaria; o alumnado desenvolverá actividades na aula).
- Día da Paz (luns 31 de xaneiro)
- Concurso de comparsas (cada aula fará a súa comparsa e gravará en vídeo a súa copla)
- Festa terceiro trimestre e concurso de sobremesas (xuño, pendente da situación sanitaria)
- Participación do alumnado de EP no programa de natación escolar do Concello.
- Despedida do alumnado e familias de 4º da ESO (último martes lectivo de xuño, dependendo da situación sanitaria)
- Saídas a diferentes exposicións e actos culturais, deportivos, etc., que xurdan ao longo do curso e que sexan considerados de interese para o alumnado, respectando as restricións ocasionadas pola COVID
- Ademais nas programacións docentes de cada curso ou departamento están especificadas todas as actividades complementarias e extraescolares que se pensan realizar.

A continuación detállanse aquelas que supoñen saídas cos alumnos fóra do centro educativo. ***A realización destas actividades queda supeditada á situación sanitaria no momento de levalas a cabo.***

## 5.3 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

### *Educación Infantil e Primaria:*

- Ao contorno.
- Mostra de teatro de Narón.
- Visita a un Belén en Nadal.
- Parque de Educación Viaria Barallobre.
- Concerto didáctico.
- Saída de fin de curso.
- Visitas a diferentes mostras de teatro ou exposicións axeitadas que vaian xurdindo ao longo do curso.
- Faranse distintas saídas polo entorno sempre que se consideren necesarias. Acórdase facer polo menos unha saída por trimestre aínda pendentes por concretar e a expensas

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

dos acordos tomados polo claustro con respecto ás actividades extraescolares e complementarias.

- Procuraremos realizar todas aquelas saídas e actividades culturais que programen os Concellos e asociacións da comarca (Fene, Ferrol, Narón, Pontedeume, etc...) e que se consideren de interese para a consecución dos obxectivos formulados nas distintas áreas.

*Educación Primaria Educación Física:*

- Atletismo divertido
- Xornada de xogos tradicionais
- Natación Escolar
- Participación na Milla Escolar de Fene
- Fútbol fin de curso

*Educación Secundaria:*

- O entorno (todos os niveis).

*Departamento de Francés:*

- Participación no Festival da Francofonía. Trátase dun encontro de alumnos de francés de varios institutos de Galicia que ten como obxectivo practicar o idioma e difundir a cultura francesa. Cada grupo interpretará unha canción do mundo francófono ou representará unha obra de teatro en francés.

*Departamento de Inglés:*

O departamento de inglés ten programadas varias actividades complementarias e extraescolares:

- Posible saída ao teatro en inglés para os dous ciclos da ESO.
- Colaboración con outros departamentos.
- Dinamización da Biblioteca.
- Participación na conmemoración de datas sinaladas a partir da Biblioteca.

Estas actividades contribuirán a desenvolver principalmente a competencia lingüística, social e cívica , artística, e a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

*Departamento de Educación Física*

- Escalada: participarán os alumnos/as de 1º da ESO, nun día lectivo da 3ª avaliación por determinar.
- Sendeirismo: participarán os alumn@s de 2º da ESO. Terá lugar nun dia lectivo da 3ª avaliación por determinar.
- Orientación: Constará de dúas partes:
  - Ginkana por Fene: nun dia por determinar da 3ª avaliación, cos alumn@s de 3º da ESO, previo permiso dos pais/nais/titor@s e en horario lectivo, realizarase esta actividade, cunha duración máxima de dúas horas.
  - Carreira de orientación polo monte: nunha data por determinar da 3ª avaliación e nun lugar por determinar. Levarase a cabo esta actividade cos alumn@s de 3º da ESO. Previo permiso dos pais/nais/titor@s e cunha duración máxima de 4 horas. Farase en horario lectivo.
- Multiaventura: cos alumn@s de 4º da ESO nunha data por determinar da 3ª avaliación, realizarase esta actividade, coas seguintes características: A duración da mesma e todo o dia: 9 da mañá a 9 da tarde, existindo a posibilidade de pernoctar e alongar a actividade. Contratarase a unha empresa que se encarga de todo: material, seguro, actividades a realizar, lugar, etc. É preciso a autorización dos pais/nais/titor@s.
- Posibles actividades: barranquismo, puenting, orientación, escalada, rapel, hidrospeed, kayak, tirolina, etc.

*Departamento de Música:*

A realización de calquera destas actividades estará supeditada á evolución da pandemia e ás instrucións da Consellería en relación a actividades extraescolares e complementarias. A temporalización, se as circunstancias fosen favorables, encadraríase na 2ª e/ou 3ª avaliación.

En principio tense previsto realizar as seguintes actividades:

- Para todos os niveis da ESO: Asistencia a concertos escolares organizados polo Concello de Ferrol ou outras entidades ou asociacións culturais (a realizar ao longo do todo o curso).
- Para 1º, 2º e 3º da ESO: Concerto didáctico no Auditorio de Galicia, Santiago; asistencia á exposición itinerante sobre os instrumentos do Pórtico da Gloria e Cubertas da Catedral de Santiago; posibilidade de asistencia a un concerto didáctico a cargo da banda do Tercio Norte; concerto de fin de curso.
- Para 2º da ESO: Asistencia aos concertos didácticos de órgano que se realizan no Mosteiro do concello de Celanova con participación activa do alumnado.

- Para 3º da ESO: Visita guiada ao Teatro Jofre, Segundo dispoñibilidade; asistencia a un Ensaio da OSG no Teatro de Ópera de A Coruña; asistencia a concertos ofertados nos programas didácticos do concello de A Coruña (descubrir a Música); concerto didáctico no Conservatorio de Ferrol, segundo dispoñibilidade; asistencia á unha representación de teatro musical na bisbarra de Ferrolterra, se hai consenso por parte do alumnado.
- Para 4º da ESO: Asistencia aos concertos da Sociedade Filarmónica no Auditorio e no Teatro Jofre.

*Departamento de Xeografía e Historia*

- Como actividades complementarias propóñense o visionado de videos sobre temas relacionados co visto na clase, sacar información a través de internet, etc. Así mesmo, intentarase aproveitar aquelas actividades que poidan xurdir ao longo do curso, como visita a algún museo próximo, excursión, etc.
- Na materia de AIEE e economía visita a a algunha/s das empresas da localidade ou fóra dela, charlas de profesionais, emprendedores que poida ofrecer a *"Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrolterra*" e a participación en concursos sobre emprendemento que realiza dita asociación.
- Así mesmo, intentarase aproveitar aquelas actividades que poidan xurdir ao longo do curso, como visita a algún museo próximo, excursión, etc.

*Departamento de Lingua e literatura Castelá*

A principal actividade extraescolar na que se implica este Departamento é a participación no Club de lectura e las actividades que dende alí se promovan, como a probable saída a un "roteiro literario"

. *Departamento de Lingua Galega*

- Malia ser un ano con dificultades para a celebración de eventos debido aos límites no aforo e protocolos COVID, programaranse visitas co alumnado a exposicións, proxeccións de películas ou espectáculos teatrais que nos oferten ao longo do curso as distintas institucións ou asociacións culturais e que nos parezan de interese educativo. Prestarase especial atención á participación en iniciativas vinculadas á celebración do Día das Letras Galegas. Só no caso de estaren garantidas as condicións de seguridade, levaremos a cabo estas actividades.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Trataremos, na medida do posible, de participar en actividades culturais, certames, concursos... encamiñados á promoción da lingua galega entre a mocidade, en especial nos convocados no concello de Fene, sempre e cando as circunstancias o permitan.
- Contribuirase e participarase nas actividades promovidas polo Equipo de Dinamización ou desde a Biblioteca escolar.
- Concertaranse charlas cos autores dalgúns dos libros de lectura obrigatoria propostos que terán lugar no propio centro ou mediante videoconferencias.
- Estas actividades serán de asistencia obrigatoria sempre que se leven a cabo dentro do horario lectivo.

*Departamentos de Educación Plástica, Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química*

Estes departamentos non propoñen a priori ningunha saída extraescolar.

*Club de Lectura*

- Queda pendente para cando sexa posible levar a cabo o roteiro literario pola cidade de Ferrol en torno á figura de Ricardo Carballo Calero..
- En xuño farase a festa fin de curso do club de lectura e colaboradores da biblioteca con entrega de diplomas e premios. Será por aulas ou online, dependendo da situación sanitaria.

## 5.4 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O Centro está a disposición da comunidade educativa e do Concello, polo que cede as súas instalacións para as ditas actividades, que se realizan fóra do horario lectivo e contan con monitores especializados contratados pola entidade correspondente.

*Organizadas polo Concello de Fene*

Escolas Culturais do 15 de outubro de 2020 ao 30 de maio de 2021

- Pendente de confirmación por parte do Concello.

*Organizadas pola ANPA*

Debido á situación sanitaria, este curso a ANPA non vai a organizar ningunha actividade extraescolar.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

# 6. PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

## 6.1 INTRODUCIÓN.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia e o Plan Xeral de Normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do CPI A XUNQUEIRA (Fene) elabora o seguinte plan que ten como principal obxectivo promover todas aquelas actividades encamiñadas á normalización do uso e fomento da lingua galega como medio habitual de relación, tanto dentro como fóra do contexto educativo.

Nesta tarefa o EDLG traballa naquelas actividades dinamizadoras no centro colaborando con outros departamentos para a consecución do vínculo escola-sociedade.

Para elo, cóntase coa axuda e esforzo de todos os membros da comunidade educativa. Con este plan de potenciación da lingua galega preténdese non só acadar a participación de todos os membros da comunidade educativa(ANPA, Concello...), senón sacar maior proveito de todas as actividades en galego que se desenvolven no centro.

## ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA.

## 6.2 BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CPI A XUNQUEIRA

Para expoñer estes datos baseámonos nun estudo máis exhaustivo e profundo que se realizou no curso 2007-2008 para realizar a determinación do Contorno sociolingüístico, estudo previo á realización do Plan Lingüístico de Centro. Tamén teremos en conta os resultados das enquisas pasadas aos pais, alumnos e profesores ao longo do curso 2012-2013 para a actualización do PLC.

### 6.2.1 Contorno sociolingüístico do centro

O CPI A Xunqueira ubícase na parroquia de San Valentín no concello de Fene (13.250 habitantes - censo 2016). O barrio de San Valentín conta con 1.407 habitantes segundo o censo do ano 2013 e é unha das parroquias máis urbanizadas.

O noso centro primeiramente foi un colexio público de Educación Infantil e EXB e dende o ano 1998 constitúese como Centro Público Integrado. Neste curso 2018-2019 hai escolarizados 276 alumnos: 43 en Ed. Infantil, 104 en Ed. Primaria e 121 en Ed. Secundaria.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Proveñen maioritariamente do barrio. En Ed. Secundaria matricúlase alumnado doutras parroquias como son Perlío, Fene e Sillobre. A presenza do alumnado inmigrante é pouco importante: 5 alumnos (1 de Portugal, 1 de Venezuela, 1 de Colombia e 2 de Alxeria).

No estudo sociolingüístico realizado para afrontar a realización do PLC salientamos a situación sociolingüística do concello, onde observamos un importante retroceso do galego como lingua de transmisión primaria, sobre todo como xa é coñecido no grupo de 15 a 24 anos, mentres a partir dos 45 a porcentaxe sobe ao 48%. Os falantes iniciais en galego supoñen o 31% sumando (só galego e +galego). O uso do galego nos fogares ronda o 50% da poboación. Varían pouco as porcentaxes dependendo se se fala coa nai (49.10%), co pai (47.16%), cos avós (46.45%) ou coa parella (55.62%).

Con estes datos podemos deducir que a lingua habitual nos fogares do noso contexto é tanto a galega como a castelá, repartíndose practicamente a mesma porcentaxe.

No que respecta ao uso da lingua por parte do Concello de Fene, foi moi coñecido o compromiso deste concello coa lingua e a súa normalización en todos os ámbitos da vida social, se ben esta situación empeorou nos últimos anos. O concello colabora cos centros de ensino en todas as actividades que teñan como obxectivo a potenciación da lingua galega.

### 6.2.2 A situación sociolingüística do profesorado

Das enquisas realizadas a todos os profesores do centro ao longo do curso 2012-2013 (42), só conseguimos unha mostra de 26 profesores, de aí deducimos o perfil sociolingüístico do profesorado. A lingua empregada habitualmente polo profesorado é o castelán e o galego por igual. Cando nos referimos á lingua usada no ámbito educativo observamos tamén a presenza das dúas linguas por igual.

No referente á capacitación para empregar o galego na actividade docente, o resultado é medio-alto. No caso de que esta capacitación non sexa a axeitada, a disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización é moderada.

Polo que se refire ás actitudes cara á normalización social do idioma e a utilización do galego no ensino os resultados son favorables, aínda que aparecen os primeiros prexuízos (abundante lexislación, falsa imposición). Obsérvase unha falta de motivación do profesorado para exercer como axentes fundamentais no proceso dinamizador e normalizador.

O profesorado, pola súa parte, imparte as materias que veñen recollidas no Decreto 79/2010 do 20 de maio, tanto en galego coma en castelán, segundo lle corresponda. En todo caso, téntase garantir a adquisición da competencia lingüística propia das distintas etapas e dos

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

niveis das dúas linguas oficiais de Galicia e todo o profesorado está capacitado para o uso das dúas linguas e este uso, fóra das clases lectivas, depende, en boa medida, da vontade de cada un.

### *EDUCACIÓN INFANTIL*

Atendendo ao Decreto anteriormente mencionado, o profesorado desta etapa empregará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua da contorna e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

### *MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA IMPARTIDAS EN GALEGO*

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia, establece no art.6:"Impartirase en galego a materia de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais e en castelán a materia de Matemáticas". As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

### *MATERIAS DA ESO IMPARTIDAS EN GALEGO*

O mesmo Decreto no art.7 establece que serán impartidas en galego as seguintes materias: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza e Bioloxía e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química. Ademais das materias establecidas na epígrafe anterior, o claustro completará o número de materias que garantan o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan Xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 e o Decreto 79/2010 do 20 de maio.

## 6.2.3 A situación sociolingüística do alumnado

Recolléronse os datos das seguintes enquisas pasadas ao alumnado e aos pais no curso 2012-2013:

- 91 enquisas dos pais e nais
- 208 enquisas dos alumnos e alumnas

Pasados os datos das enquisas aos cuestionarios, describimos a seguinte situación:

Predomina o castelán como lingua habitual do alumnado en todos os niveis. A media atinxe un 1.81. Só un 2% declara ter como lingua inicial e habitual o galego. Observamos claramente o proceso de perda de transmisión interxeneracional do galego.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpi.axunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Na vida familiar predomina tamén o castelán.

No ámbito escolar aumenta lixeiramente a presenza da lingua galega, sobre todo no alumnado de secundaria, pero aínda segue predominando o castelán.

As actitudes cara á normalización social do galego así como cara á utilización do galego no ámbito educativo son favorables. Este resultado lévanos a reflexionar sobre as estratexias necesarias para dar o salto cara á competencia activa por parte do alumnado.

### 6.2.4 A a situación lingüística do centro

É este o indicador máis positivo de todos. A presenza da lingua galega é plena na documentación administrativa, documentación didáctica e pedagóxica, no rotulado do centro, nas notas informativas, comunicacións a pais, convocatorias, etc.

Nas comunicacións escritas e orais coas familias e institucións, o uso do galego é total. A situación varía algo nos contextos informais, onde xa aparece máis o castelán.

A lingua predominante no persoal non docente, dependente do concello é a galega.

O emprego da lingua galega por parte da ANPA é pleno (cousa distinta é a súa lingua habitual e a lingua usada nos contextos informais). Nestas dúas últimas variables observamos un uso ritualizado do idioma.

A dotación de fondos en galego da Biblioteca é aceptable, porén, se irán mercando libros en galego de literatura infantil-xuvenil adaptados aos intereses do alumnado.

Con respecto ás TIC fomos conseguindo avances como a creación dun blog propio http://normalizaaxunqueira.blogspot.com/ no que se recollen diferentes celebracións e actividades relacionadas coa normalización da lingua galega. Ademais increméntase a presenza do noso idioma en outros blogs do centro, na páxina web do mesmo ou no facebook: https://es-es.facebook.com/axunqueirafene/

A visibilidade das accións do EDL é positiva.

## 6.3 OBXECTIVOS DO PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

Constatada a presenza do galego en igualdade co castelán na contorna sociolingüística do centro e conseguida unha ambientalidade lingüística do colexio moi positiva, o noso traballo atenderá sobre todo a dinamizar e potenciar a lingua galega no profesorado e sobre todo no alumnado.

O CPI A Xunqueira presenta unha ambientalidade lingüística moi positiva, porén, constatamos que o alumnado fala cada vez menos a lingua galega, mesmo nas materias que

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

se imparten nesa lingua; polo que o noso traballo seguirá atendendo sobre todo a dinamizar e potenciar a lingua galega no profesorado e sobre todo no alumnado. Perseguiremos, polo tanto:

- Mellorar as actitudes e tratar de eliminar os prexuízos que presenta a comunidade educativa tanto a nivel de profesorado como de alumnado.
- Potenciar as competencias orais activas e pasivas.
- Potenciar os usos cultos e escritos da lingua galega.
- Promocionar a cultura galega e as festas tradicionais (Magosto, Entroido, Nadal)
- Potenciar a conservación do patrimonio cultural.
- Potenciar e dinamizar a presenza do galego nas TIC.
- Dinamizar a nosa lingua e estimular a participación en cantas actividades se programen por parte do EDLG.
- Apoiar todas aquelas iniciativas culturais e sociais que teñan como obxectivo a defensa e promoción do noso idioma: campañas, manifestos...
- Dotar ao profesorado de máis recursos TIC en lingua galega para que os utilicen nas aulas.
- Conseguir que o galego, como lingua cooficial que é, sexa aceptada como unha das manifestacións da súa propia cultura..

## 6.4 PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES

As actividades As actividades previstas neste curso seguirán o fío de traballo que vimos desenvolvendo nestes últimos anos, agás que pola situación sanitaria que nos toca vivir seguiremos o protocolo da Consellería, ante as medidas da Covid-19. Polo tanto, as actividades planificadas poderán sufrir modificacións ao longo do curso 2020/21. Asemade, continuaremos coa visibilidade das actividades que se leven a cabo no noso blogue de normalización, na revista dixital "o Xunquiño" e no Facebook do centro.

As actividades que levará a cabo o EDL agrupámolas do seguinte xeito::

### 6.4.1 Celebracións anuais

- **Festas do outono: Magosto e Samaín. Exposición de cogomelos**.
  - Para festexar o Samaín faremos unha exposición de cabazas terroríficas ao longo de toda a semana. Sortearase un premio entre os participantes de cada etapa educativa. Ademais faremos unha exposición de debuxos e relatos de terror. Os alumnos de infantil, 1º, 2º e 3º de primaria participarán con un debuxo; os alumnos de 4º, 5º e 6º

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

de primaria e todos os de secundaria participarán cun relato de terror. Sortearase un premio entre os participantes de cada etapa e categoría.

- Para achegar aos rapaces e rapazas ao mundo dos cogomelos, levaranse a cabo unhas charlas virtuais e se é posible, coa colaboración do experto Luís Cuba Crespo, que lles mostrará aos rapaces de 5º- 6º EP e 1º ESO os distintos tipos de cogomelos que existen no rural e as súas características.

*Nadal:*

- Carta aos Reis Magos. O EDLG elaborará unha carta dirixida aos Reis Magos para distribuír entre os alumnos de infantil e primaria a semana anterior ás vacacións de Nadal.
- Visita dos paxes dos Reis Magos. En principio esta actividade non se realizará.
- Exposición de postais de Nadal. Coa colaboración do departamento de plástica e dos mestres de plástica de primaria, organizarase unha exposición de postais de Nadal. Haberá dúas postais escollidas, unha da etapa de primaria e outra de secundaria. Ambos deseños levaranse ao prelo para formar parte dun calendario do ano seguinte que se distribuirá entre os membros da comunidade educativa.
- Festival de Nadal. Queda suspendida dita actividade polas recomendacións e protocolo da Consellería ante a Covid-19.

*Día da Paz:*

- A celebración do Día da Paz versará sobre unha temática específica. Ademais recitaranse poemas ou cantaranse cancións en galego de xeito individual nas aulas que fagan alusión a esta festa, e cada neno elaborará unha chapa na súa aula, para colocar ese día con lemas significativos en galego ou plurilingües..
- Exposición de murais en torno á figura de persoeiros que fixeron algo pola paz no mundo.

*Entroido:*

- Desfile de comparsas. Elaboraranse disfraces nas aulas e compoñeranse coplas de Entroido en base a melodías populares. As coplas gravaranse nun vídeo por cada grupo e publicaranse no blogue de normalización. Queda suspendida temporalmente a actuación e percorrido do desfile de comparsas polo barrio de San Valentín.
- O tema do Entroido deste ano estará coordinado xunto co equipo da biblioteca

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Coñecemento de diferentes manifestacións culturais do Entroido en Galicia. En colaboración co equipo de biblioteca farase unha recolección de material bibliográfico e multimedia sobre as diversas maneiras de festexar o Entroido en Galicia.

*Letras galegas.*

- Semana da galeguidade. Ao longo de todo o terceiro trimestre, e principalmente durante a semana previa ao Día das Letras Galegas, realizaranse unha serie de actividades culturais en colaboración co equipo de biblioteca en torno á figura de Ricardo Carballo Calero, próximo homenaxeado, e á data en si mesma.
- A Real Academia Galega trasladou ao día 31 de outubro a homenaxe ao escritor, por mor de coincidir co seu 110 aniversario
- Concurso de marcapáxinas. Coa colaboración do departamento de plástica e dos mestres de plástica de primaria, farase unha exposición de marcapáxinas coa figura de Ricardo Carballo Calero.
- Encontro virtual con escritores e ilustradores galegos. En colaboración co equipo de biblioteca estudaranse as distintas ofertas de escritores para saber quen nos visitará este ano.
- Participación co club de lectura da biblioteca: Queda pendente para cando sexa posible levar a cabo o roteiro literario pola cidade de Ferrol en torno á figura de Ricardo Carballo Calero..
- Torneo da galeguidade. Ao longo da semana da galeguidade terá lugar a final do torneo anual de fútbol. A organización, convocatorias, táboas de clasificación e crónicas deportivas faranse en galego. Está pendente de poder levarse a cabo.

*Semana da prensa-escola*

- Pódese facer unha exposición con titulares da prensa en galego e que sexan os propios rapaces os que elaboren novas en galego que se podan dar a coñecer á comunidade escolar. Ilustrar noticias relacionadas co contorno máis próximo e de interese para os nenos/as.

*Plan Proxecta*

- Aliméntate ben con produtos da terra. https://alimentateben.xunta.gal/ Queda pendente de realizar.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

*Proxecto "Descubrindo Fene"*

En colaboración co equipo da Biblioteca, participación no proxecto en galego "Descubrindo Fene". Achegaremos aos alumn@s cada unhas das parroquias de Fene, dende o punto de vista de monumentos, gastronomía, folclore e tradicións. Elaborando trípticos co código QR para almacenar toda a información e ter acceso a través do móbil

### 6.4.2 Mellora de actitudes

Co fin de mellorar as actitudes lévanse a cabo as seguintes accións:

- Continuamos traballando cun taboleiro exclusivo para a Normalización lingüística. Trátase dun taboleiro dinámico no que alumnos e profesores imos poñendo novas de interese, campañas en prol da lingua, convocatorias de actividades e diferentes concursos. Está situado na entrada do colexio e á vista de todos.
- Continuamos co grupo de voluntariado lingüístico co fin de acoller ao alumnado inmigrante ou procedente doutras comunidades, co fin de ilos introducindo na vida escolar e no coñecemento do idioma.
- Con respecto ao profesorado aproveitamos as CCP dos primeiros meses para presentar e aprobar o PLC que garantirá a consecución das mesmas competencias lingüísticas nas dúas linguas presentes na nosa comunidade.
- Continuamos coa promoción e uso do noso blog por parte de toda comunidade educativa.

### 6.4.3 Mellora das competencias orais e escritas

As actividades programadas para acadar este obxectivo serán as seguintes:

- Edición da revista escolar O Xunquiño. Elaboraranse dous números (Nadal e Fin de curso) cos traballos de todos os alumnos das distintas etapas educativas. Pendente de elaborar só un número da revista, dependendo das actividades realizadas.
- Queda pendente que os alumnos@s e profes membros do club de lectura farán un roteiro literario en galego coa temática da vida e obra de Carballo Calero, visitando a súa casa e recitando obras escritas do mesmo.
- Os alumnos de 5º e 6º de primaria virtualmente achegarán a súa voz ás aulas de infantil para lerlles contos en galego aos máis pequenos. Máis adiante, en pequenos grupos, prepararán unha versión dun conto en "Kamishibai" para representalo de xeito virtual e

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

contalo eles mesmos. Esta actividade gravarase en vídeo e recollerase posteriormente no blogue de normalización e no Facebook do cole.

Outras actividades que tenden a mellorar as competencias orais e escritas son as seguintes:

- Participación dos alumnos de EDL na potenciación da lectura en galego nas aulas de infantil e primaria. Os alumnos participarán como contacontos para os máis pequenos.
- Colaborarase co equipo da biblioteca na hora de ler así como co club de lectura creado no centro, onde tamén se lerán libros en lingua galega.
- Participarase naquelas actividades dinamizadoras que se consideren axeitadas propostas pola Coordinadora de Equipos de Normalización da comarca de Ferrolterra.
- Participarase naquelas actividades dinamizadoras que se consideren axeitadas propostas polo Servizo de Normalización Lingüística do concello de Fene, como por exemplo nos diferentes concursos convocados polo Concello, como o concurso de microrrelatos ou o concurso de creación artística, así como polo día da muller participando, se é posible, na actividade "Fene lendo a mulleres".

### 6.4.4 O galego nas TIC

Un dos nosos obxectivos é incrementar a presenza do galego nas TIC. Para iso, dende o equipo de dinamización da lingua galega creouse unha conta de Facebook así como unha páxina web do equipo. Nela, ademais de recoller outros contidos e actividades levadas a cabo aloxouxe o blogue de Normalización normalizaaxunqueira.blogspot.com. Nel intentaremos continuar cun traballo un pouco máis profundo que englobe as seguintes actividades:

- Recompilación de recursos didácticos en galego para que os mestres das distintas etapas poidan botar man deles e traballar nas aulas.
- Recompilación de xogos ou actividades máis lúdicas en galego para que os nenos poidan facer uso delas tanto nas aulas como desde a súa casa.
- Recollida de todas as actividades que se realicen no centro que teñan que ver coas manifestación culturais e lingüísticas propias de Galicia.

Ademais deste blog temos outros blogs no centro. Dous deles están integramente en galego, que son o de normalización e o de convivencia. No resto deles tamén hai contidos en galego, ademais de noutras linguas. Pretendemos aumentar a presenza do noso idioma en todos eles.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

A consecución dos obxectivos marcados debe formularse a longo prazo. Revisaremos ao final de cada curso os obxectivos acadados e a partir de aí, engadiremos ou reorientaremos o noso labor. Imos conseguindo, polo menos, unha conciencia lingüística positiva do alumnado, nun momento en que a presión social contra o galego é máis forte.

## 6.5. MEMBROS DO EDLG CURSO 2020/21

Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo

ART.18 Equipos de normalización e dinamización lingüística

Os membros do equipo serán designados pola dirección do centro do seguinte xeito:

a) O profesorado, por proposta do claustro de profesores.

b) O alumnado, por proposta das súas asociación máis representativas.

c) O persoal non docente, por proposta deste persoal.

*COORDINADORA*

Mª Begoña Santiago Otero (titora de 5º de EP)

*REPRESENTANTES DO PROFESORADO*

*Educación Infantil:*

Cecilia Dopico Souto e Milagros Casal Hermida

*Educación Primaria:*

María J. Escuredo Doldán (titora de 4º EP)

Mª Teresa Bouza Pérez (mestra de PT)

*Educación Secundaria:*

Luisa Dopico Rey (xefa de departamento de lingua galega)

María X Anca Casal (xefa de estudos e profesora de lingua galega)

*REPRESENTANTES DO ALUMNADO*

Pendente de concretar.

*REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE*

Mª Carmen Bustabad (administrativa do centro)

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

# 7. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

## 7.1. CONSTITUCIÓN DO D.O.

O Departamento de Orientación, queda constituído para o curso 2020-21, despois da reunión celebrada o 19 de setembro de 2019, cos seguintes membros:

O Xefe de Departamento de Orientación: Don Benigno Sánchez Vales.

2 mestras de Pedagoxía Terapéutica de Educación Infantil e Primaria: Dª Mª Teresa Bouza Pérez e Dª Clara López Pedre.

Unha profesora de Pedagoxía Terapéutica de Secundaria: Dª Berta Blanco de la Piñera.

Unha mestra especialista en audición e linguaxe compartida co CEIP de Centieiras: Dª Gloria Gómez Edreira.

Unha profesora de ensino secundario do ámbito científico-tecnolóxico: Dª Concepción Rodríguez Cotos.

Unha profesora de ensino secundario do ámbito socio-lingüístico: Dª Dulce Mª López Rivera

Unha mestra representante da etapa de Primaria: Dª Dolores Yañez Casal.

A coordinadora de Ciclo de Educación Infantil: Dª Cecilia Dopico Souto.

A xefa de Departamento de Orientación do centro Adscrito (CEIP Plurilingüe de Centieiras): Dª Lorena López Ramudo

### 7.1.1 COORDINACIÓNS.

O D.O contará cunha hora de reunión mensual, preferentemente o último xoves de cada mes. Destacaremos coma importante que a xefa de Departamento do centro adscrito acuda a reunión de constitución e peche (reunión final) de departamento. Consideramos coma prioritaria a coordinación cos D.O. adscritos e da contorna.

Así mesmo estableceranse canles de coordinación semanal no seo do Equipo de Atención á Diversidade, composto por orientador, mestres de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe.

O Xefe do Departamento reunirase periodicamente cos titores/as de nivel, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Así mesmo, o xefe do departamento reunirase cando se estime oportuno coas xefas de estudos de primaria e secundaria para coordinar as actividades e planos de intervención nas diferentes etapas do CPI.

O D.O elaborará diferentes propostas para que toda a actividade educativa do CPI se axuste á diversidade de necesidades do alumnado.

Entendemos o D.O como un órgano de coordinación das accións titorías e orientadoras que se levan a cabo no CPI.

A Orientación forma parte esencial da educación dotando a esta de carácter personalizado. Atende polo tanto ao referente último da educación, o alumno/a, considerando as súas características individuais e a súa totalidade como persoa. A orientación entenderase coma acción preventiva, asesoramento e intervención de necesidades educativas e no entorno educativo. Pretenderemos colaborar na educación para a vida e a toma de decisións.

A acción orientadora é unha tarefa cooperativa, sendo competencia de todo o profesorado, especialmente dos titores/as co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación e a coordinación da Xefatura de Estudos.

## 7.2. MARCO LEGAL

Os Departamentos de Orientación dos centros de Educación Infantil e Primaria, réxense polas referencias lexislativas específicas que a continuación expoñemos:

A Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa, LOMCE (2013) que modifica a LOE (2006) e regula a base legal da educación na nosa comunidade e no estado Español.

Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27-04-1998).

Orde de 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998 (DOG 31-07-1998).

Circulares das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais polas que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia, tendo en conta as de anos pasados e a actual circular 10/2010.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

## 7.3. CONTEXTO EDUCATIVO.

O CPI A Xunqueira atópase ubicado en San Valentín no concello Fene, provincia da Coruña, zona urbana. O Centro acolle alumnos/alumnas procedentes do CEIP Plurilingüe Centieiras para cursar a etapa da ESO. O nivel socioeconómico e cultural das familias do noso alumnado é, en xeral, medio baixo.

O CPI consta do seguinte número de unidades:

- 3 unidades de Educación Infantil.
- 7 unidades de Educación Primaria.
- 7 unidades de Educación Secundaria Obrigatoria.

Contamos co seguinte número de profesores:

- 4 mestras de Educación Infantil
- 1 mestre especialista de Lingua Inglesa.
- 1 mestra especialista en Educación Física de Primaria.
- 1 mestre especialista de Música.
- 7 mestras/es de Educación Primaria.
- 2 especialistas de Pedagoxía Terapéutica de infantil e primaria.
- 1 mestra de audición e linguaxe
- 18 Profesores/as de Ensino Secundario
- 1 mestra de Relixión e unha PES de relixión.
- 1 mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica de Secundaria.
- 1 profesor especialista en Orientación Educativa.

## 7.4. OBXETIVOS XERAIS.

1. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa, contribuíndo a unha educación individualizada.
2. Diagnóstico e estimulación precoces para as posibles dificultades de aprendizaxe e intervir para mellorar o prognostico educativo.
3. Estimular a madurez para a aprendizaxe así como o nivel de competencias clave dos alumnos.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

4. Contribuír a estimular a formación do profesorado e as familias respecto as necesidades que presenta a nosa escola e ó alumnado en xeral.
5. Inicio de unha Escola de Nais e Pais con varias accións formativas anuais que partan das necesidades expresadas pola Comunidade Educativa.
6. Planificar accións para a atención temperá.
7. Asesorar os profesores nos aspectos que favorezan a inclusión educativa e estimulación das potencialidades dos alumnos con N.E.A.E.
8. Priorizar os apoios de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe para ó alumnado con NEAE, esgotando previamente as medidas ordinarias de atención á diversidade (reforzo titorial, asesoramento, pautas familiares,…) antes de utilizar os profesionais anteriormente mencionados.
9. Favorecer o desenrolo da acción titorial e os procesos de prevención e detección de dificultades ou problemas de desenrolo persoal ou de aprendizaxe.
10. Orientar as familias en aspectos básicos para a mellora do desenvolvemento e estimulación das potencialidades dos alumnos con N.E.A.E.
11. Colaborar cos organismos e institucións, que inflúan no centro, co fin de realizar accións conxuntas para a prevención e acción temperá de alumnos con N.E.A.E.
12. Xestionar a Atención á Diversidade dun xeito inclusivo, preventivo e eficaz, utilizando as medidas ordinarias e extraordinarias de modo estruturado e segundo os criterios lexislativos (D229/2011 de atención á diversidade).
13. Incluír aos centros adscritos na función orientadora xeral.
14. Asistir as reunións propostas polo IES Fene.
15. Manter contactos e intercambios cós orientadores/as da zona de Ferrolterra.
16. Revisar e remodelar o Plan de Orientación e Acción Titorial e o Plan Xeral de Atención á Diversidade.
17. Axustar as respostas educativas ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias.
18. Favorecer os procesos de madurez persoal, do desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

19. Contribuír a adecuada relación entre os distintos integrantes da Comunidade Educativa, favorecendo a convivencia no centro educativo.
20. Impulsar a acción titorial, coordinando a actuación dos titores/as a través do Plan de Acción Titorial.
21. Potenciar a innovación educativa e a formación do profesorado.
22. Asesorar na coordinación da Avaliación Individualizada.

A **temporalización - Cronograma** das actividades desenvolverase do seguinte xeito:

*1º Trimestre:*

Valoración e seguimento de alumnos/as con neae: reforzo/ACI. Mestres, PES e familias.

Colaborar xunto coa dirección na proposta ás familias que corresponda e así se propoña dende as Xefaturas de Estudos e dos titores correspondentes, da exención da 2ª Lingua Extranxeira nos cursos de 1º e 2º da ESO.

Deseño do plan anual de actividades do DO.

Seguimento e avaliación: período de adaptación e inicial.

Contactos iniciais cos mestres e PES titores/as e especialistas, así como aquelas familias que sexa preciso.

Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do contorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos, etcétera

Establecer liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros públicos de Ferrolterra, a través da liña de Formación e Orientación e Inclusión da Consellería de Educación, Universidade e FP.

Contacto coas Escolas Infantís para intercambiar procederes e intervención no alumnado procedente das mesmas para 3 anos.

Colaboración co Equipo de Educación de Infantil no período de adaptación.

Seguimento do alumnado egresado de 4º de ESO co IES de referencia e/ou que corresponda.

Reunión co IES de referencia respecto a coordinación de mínimos do alumnado destinatario.

Coordinación PT e AL: deseño de intervencións.

Participar nas sesións de avaliación.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Actualización da dotación do departamento.

Probas de cribaxe. Lectura Comprensiva, ACL (EP: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º) e Rexistro fonolóxico (EI: 6º), conciencia fonolóxica (EI 6º e EP 1º).

Probas de Exploración Psicopedagóxica para ó alumnado de 4º da ESO, 2º da ESO e 6º de Primaria.

Realización de sociograma nas clases de 3º a 6º de EP e da ESO.

Realización de avaliacións psicopedagóxicas segundo o criterio establecido no PXAD nos casos que sexa necesaria.

Fomento da formación e Innovación docente, nos casos en que sexa posible.

Coordinación co EOE nos casos que sexa preciso.

Tramitación becas NEAE do MEC.

Participación nas reunións de ciclo, departamentos e de CCP.

Escola de Nais e Pais ( 2 sesións: constitución e actividade)

Remodelación do Plan de Orientación Académico.*

Remodelación PXAD.*

### *2º Trimestre:*

Tódalas anteriores, e engadimos:

Probas de exploración psicopedagóxica para o alumnado de 4º e 2º de Primaria.

Probas de Orientación Vocacional ao alumnado de 3º e 4º da ESO, para axudar a fundamentar o Consello Orientador realizado polos respectivos titores.

Revisión de documentación do D.O.

Programa de detección da perda auditiva para ó alumnado de 6º de Educación Infantil (se se considera procedente polos resultados das anteriores probas fonolóxicas).

Programa de detección de necesidades para alumnado de 4 anos de Infantil (Programa de detección Temperá).

Escola de Nais e Pais ( 1 sesión: actividade)

### *3º Trimestre.*

Tódalas anteriores e engadimos:

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Probas de cribaxe. Lectura Comprensiva, ACL (EP: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º).

Colaboración na realización da avaliación de 4º da ESO, final de primaria e de 3º de EP, que ven regulada na LOMCE (2013). As dúas primeiras no caso en que o centro sexa escollido (RD lei 5/16).

Informes finais de avaliación.

Memoria do departamento de orientación.

Tramitación de becas e axudas.

Programa de cambio de etapa: paso da EP á ESO e paso de 4º da ESO á BAC ou calquera outra modalidade postobrigatoria/incorporación á vida activa.

Probas de Exploración Psicopedagóxica para ó alumnado de 6º de Infantil.

Elaboración dos informes de etapa e finais do alumnado que foi obxecto de avaliación e intervención psicopedagóxica ó longo da escolarización na nosa escola.

Redacción da memoria final de curso do D.O.

Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.

Colaborar nas avaliacións finais e extraordinarías na elaboración do consello orientador para contribuir a elección de itinerarios na ESO e na etapa Postobrigatoria, así coma na recomendacións a familias e alumnado, cando corresponda ao acceso a programas de FP Básica e Plans de Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).

Xornadas de Información ao alumnado sobre os distintos itimnerarios formativos.

Escola de Nais e Pais ( 1 sesión: actividade e peche)

*Estas actividades desenvolveranse con especial prioridade durante todo o curso académico.*Estas actividades desenvolveranse con especial prioridade durante todo o curso académico.

## 7.5. ACCIÓNS PRIORITARIAS E PLANIFICACIÓN XERAL.

a) A intervención do D.O abranguerá tres ámbitos de actuación:

### 7.5.1. APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

***Obxectivos:***

- Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica e aos Departamentos Didácticos nas programación didácticas e nos novos documentos (entre eles o plan de convivencia do

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

centro e o plan xeral de atención á diversidade) que deberán integrar o Proxecto Educativo de Centro.

- Elaborar propostas de medidas específicas para a atención á diversidade e elevalas á CCP para a súa posterior inclusión no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Elaborar criterios e procedementos para realizar medidas de reforzo e adaptacións curriculares individualizadas.
- Elaborar propostas para realizar os Programas de Mellora e Aprendizaxe.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica daqueles/as alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe ou alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Apoiar e asesorar ao profesorado na atención ao alumnado inmigrante e alumnado con necesidades de apoio educativo.
- Solicitar a intervención do equipo de orientación específico nos casos nos que se estime preciso.

***Recursos humanos para a atención do alumnado con necesidades de apoio educativo***

O Centro conta con :

- 1 Orientador
- 3 Coidadoras.
- 2 Mestras de pedagoxía terapéutica de Primaria (unha a xornada parcial).
- 1 Mestra de pedagoxía terapéutica de Secundaria .
- 1 Mestra da audición e linguaxe compartida co CEIP Plurilingüe de Centieiras.

As medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias propostas serán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

As programacións de Pedagoxía Terapéutica de Primaria, Secundaria e Audición e Linguaxe recolleran as accións encamiñadas a intervención educativa do alumnado con necesidades de apoio educativo.

Tendo en conta as novas necesidades ao longo do curso a planificación non é definitiva e está sempre suxeita aos cambios que se precisen en calquera momento do curso.

***Criterios de atención dos especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.***

Na EI, atenderanse alumnos con Necesidades Educativas Especiais, principalmente a partir de 6º de Educación Infantil. Nos primeiros cursos do segundo ciclo de educación Infantil atenderanse casos debidamente xustificados.

Na EP e na ESO, atenderán principalmente ao alumnado que reúna algún dos seguintes criterios:

- Alumnado debidamente xustificado na avaliación psicopedagóxica e nas probas de exploración.
- Alumnado que tivese adaptación curricular ou que se estime que vai precisala.
- Alumnado atendido o pasado curso e non fose dado de alta.
- Alumnado con NEE.
- Alumnado que en cursos anteriores fose obxecto de medidas de atención á diversidade.
- Alumnado estranxeiro que precisase dunha especial atención para a adquisición e afianzamento na competencia curricular e/ou na adquisición das linguas cooficiais..
- Alumnado para ao que, segundo o equipo docente e/ou departamento de orientación se considere axeitada esta medida, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos .
- Nos casos de Audición e Linguaxe atenderase alumnado con dificultades na expresión e comprensión oral : dislalias, disglosias, disartrias….

No caso de Secundaria, ademais dos anteriores criterios que sexan compatibles e pola orde establecida, alumnado que promocionase a etapa de secundaria con dificultades na competencia lingüística e matemática e que conten con avaliación psicopedagóxica.

Achéganse os horarios de atención dos mestres de PT e AL.

Na preavaliación analizaranse os novos casos que puideran precisar desta intervención ou outras medidas de atención á diversidade.

Camiñarase cada unha educación inclusiva, dentro da aula e que prioritariamente busque a atención do alumnado xunto co seu grupo de referencia. Para iso será recomendable a intervención e programación conxunta xunto co profesor titor e de área correspondente.

### 7.5.2 PLANO DE ACCION TITORIAL (P.A.T.)

A acción titorial ordénase e organízase a través dun P.A.T.

O P.A.T é a planificación das actividades propias dos titores/as e demais Profesores/as, cuxas funcións veñen enmarcadas no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Centros Públicos Integrados.

Dito Decreto adica o seu Capítulo V aos Titores/as:

Cada profesor titor/a: *"participará no desenvolvemento do P.A.T. e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación."*

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

A C.C.P haberá de "*Velar para que a elaboración dos Proxectos Curriculares da Etapa, nos que se incluirá o Plan de Orientación Académica e Profesional e o Plan de Acción Titorial, se realicen segundo os criterios establecidos polo Claustro*".

Segundo a orde do 24 de Xulio de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación académica e profesional na CCAA de Galicia, é función do Departamento de Orientación:

"*Elaborar, acorde coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do P.O.A.P e do P.A.T, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes planes*".

Os ámbitos de actuación do Plano de Acción Titorial serán os seguintes:

a) Alumnas/os considerados individualmente
b) Grupo-clase
c) Equipo Docente
d) A Familia.

Sempre tendo en conta que o obxectivo primordial da educación é o desenvolvemento integral da persoa, dividiremos en dous grandes apartados:

### *1.- Obxectivos xerais*

a) Optimizar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
b) Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
c) Coordinar a acción educativa do Equipo Docente.
d) Asesorar e axudar ao alumnado na súa autoorientación.
e) Colaborar cos pais/nais no seu labor educativo.

#### ***1.1- Obxectivos Específicos:***

a) Referidos aos alumnos/as

Integrar ao alumnado no grupo e no centro.

Detectar aos alumnos/as con dificultades na aprendizaxe para realizar, se é preciso as adaptacións curriculares.

Informar e asesorar ao alumno/a de xeito personalizado, tendo en conta os seus intereses e as súas capacidades.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Favorecer e potenciar as técnicas de traballo intelectual, de aprender a aprender.

Favorecer a autoavaliación do alumno/a.

b) Referido ao Grupo Clase

Impulsar actitudes participativas, cooperativas e de respecto mutuo.

Resolver os conflitos que podan xurdir a través da vía do diálogo.

Favorecer a participación do grupo na organización e desenvolvemento das actividades que lle competan.

c) Referidos ao Equipo Docente

Participar na elaboración do PAT

Coordinación dos titores/as do mesmo nivel.

Coordinación do proceso de avaliación

Orientar aos Departamentos Didácticos na adecuación das programacións ao grupo-clase.

d) Referidos á familia

Potenciar as relacións fluídas entre o centro e as familias.

Implicalos na actividade educativa e no proceso orientador dos seus fillos/as.

Informarlles da evolución e rendemento académico dos seus fillos/as, así coma das dificultades que presentan e a maneira de superalas.

### *ACTIVIDADES*

Estas actividades terán un carácter flexible e poderán, ao longo do curso, ser modificadas, ampliadas ou suprimidas en función das necesidades das titorías, do departamento de orientación e da dispoñibilidade da organización do centro.

### *PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DE EDUCACIÓN INFANTIL.*

Estas actividades non as temporalizamos por trimestres, xa que atendendo as idades deste alumnado, moitas delas teremos que traballalas ao longo do curso.

- Reunión inicial dos titores/as cos pais/nais.
- Xornada de acollida. (Actividades de dinámica de grupos: cancións, dramatizacións.)
- Axudar ao alumnado a coñecer aos seus compañeiros/as e a súa mestra

(esta actividade atangue principalmente ao alumnado de tres anos e alumnado de nova incorporación na etapa).

- Facilitar ao alumnado o coñecemento do entorno escolar (Dependencias e o seu emprego).
- Potenciar hábitos de limpeza, alimentación e autocoidado.
- Fomentar o respecto polos demais, coidado de material ... a través do establecemento de normas da aula.
- Habilidades sociais básicas: saúdos, normas de cortesía, compartir...
- Campaña de " aprendendo a clasificar residuos".
- Prevención e detección precoz de dificultades na aprendizaxe.
- Fomentar as relacións coas familias. (Entrevistas individuais dos titores/as cos pais/nais que o soliciten, ou se estime necesario).
- Potenciación e desenvolvemento da comprensión e expresión oral

(Cancións, xogos, trabalinguas, adiviñanzas, contos, dramatizacións...)

- Semanas do consumo da froita.
- Almorzo saudable
- O Nadal
- Educación para a Paz.
- Participación no Entroido.
- Participación na Semana da Galeguidade.
- Educación Viaria.
- Escola de Familias.
- Programa INCLÚE-T (A través de Contratos-Programa).

## *PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DE PRIMARIA*

### *1º Trimestre*

- Reunión inicial dos titores/as cos pais/nais.
- Xornada de Acollida.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Habilidades Sociais: coñecerse, saber escoitar, respectar normas.
- Elección de Delegado/a
- Normas de aula.
- Clasificación de residuos.
- Magosto
- Hábitos de estudo: Charla e exposición do D.O.
- Lugar de estudo
- Tempo de estudo
- Plan Director “Acoso Escolar” (5º e 6º EP).
- O Nadal.
- Plan EDUEMPRENDE: Qué e un emprendedor ( 5º e 6º de EP)
- Escola de Familias..

***2º Trimestre***

- Hábitos saudables.
- Educación para a Paz
- Entroido
- Almorzos saudables.
- Eduemprende: Plan Atrévete, coñece empresas da túa contorna. (5º e 6º EP)
- Escola de Familias.
- Programa INCLÚE-T (A través de Contratos-Programa)..

***3º Trimestre.***

- Coñecer oficios ou profesións.
- Cultura emprendedora (5º e 6º EP)
- Semana da galeguidade.
- Día da Convivencia.
- Escola de Familias. Programa.
- INCLÚE-T (A través de Contratos-Programa).

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

*PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PARA A ESO*

As actividades secuenciaranse por trimestres. Dividirémolas para: o grupo-clase; o alumno/a considerado individualmente; o profesorado; a familia, e organizaranse para: 1º e 2º de ESO, 3º e 4º de ESO.

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 16, sobre a Titoría e Orientación, fai referencia ao seguinte: "A acción Titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante en cada un dos cursos. Os centros docentes informarán e orientarán ao alumnado na elección de materias, específicas e troncais, de opción, tanto para favorecer a consolidación da adquisición das competencias clave como para facilitar a transición ao mundo laboral ou educativo ao finalizar o ensino obrigatorio, así como nos plans de acollemento no centro docente".

### *3.1 Primeiro trimestre*

**1º e 2º DA ESO**

Co grupo clase

- Presentación do protocolo COVID.
- Xornadas de acollida dos alumnos/as .
- Dar a coñecer aos alumnos/as as horas de titoría, horas de atención do departamento de orientación e funcións.
- Axenda escolar.
- Dereitos e deberes dos alumnos/as.
- Elección do delegado/a, funcións. Xunta de delegados/as, funcións
- Normas de funcionamento do centro (ROF), información sobre os órganos de goberno.
- Normas de aula.
- Información xeral sobre a ESO.
- Cuestionario de hábitos de estudo.
- Técnicas de traballo intelectual.
- Preparación de exames.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Análise dos resultados obtidos polo grupo na preavaliación e 1ª avaliación.
- Hábitos saudables. Hixiene e Alimentación.
- Semana de consumo de froita
- Plan Director "Acoso Escolar".
- Programa IGUALA-T e INCLÚE-T (a través de Contratos – Programa)..

Co alumno/a individualmente

- Recollida de datos persoais, familiares e académicos do alumno/a a través dun cuestionario elaborado polo departamento de orientación.
- Entrevista individual co alumno/a que o precise.
- Autoavaliación dos resultados na primeira avaliación.

Co equipo docente

- Presentación do departamento de orientación, compoñentes e funcións. Horario.
- Orientacións para levar a cabo a avaliación inicial
- Entrega da carpeta do titor/a.
- Preavaliación.
- Preparación da 1ª avaliación. Análise de cada un dos grupos e das características especiais dalgúns alumnos/as. Propostas de intervención.

Coas familias

Reunión a principio do curso dos pais/nais coa Directora, Xefa de Estudos e Xefe do Departamento de Orientación onde se tratarán os seguintes temas: (esta reunión cancelouse pola situación sanitaria derivada da COVID, no seu lugar fixéronse reunións dos titores/as coas familias da súa titoría nas que participou o Orientador)

- Explicación da organización e funcionamento do CPI
- Etapas educativas que se imparten no centro
- Presentación do departamento de orientación, funcións e horario de atención

Reunión virtual do titor/a cos pais do seu grupo de tutelados:

- Presentación do protocolo COVID
- Funcións

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@eduxuntaes
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Normas de funcionamento do centro e sancións, atendendo ao ROF
- Explicación do horario (entradas, saídas, recreos....)
- Horario das titorías
- Protocolo de absentismo escolar
- Entrevistas individuais cos pais/nais que o soliciten

**<u>3º e 4º DA ESO</u>**

<u>Co grupo clase</u>

- Xornadas de acollida.
- Presentación do protocolo COVID
- Axenda escolar.
- Dar a coñecer aos alumnos/as as horas de titoría, horas de atención do departamento de orientación e funcións.
- Dereitos e deberes dos alumnos/as.
- Elección de delegados/as, funcións. Xunta de Delegados, funcións.
- Normas de aula.
- Normas de funcionamento interno do centro (ROF), información sobre os órganos de goberno.
- Información xeral sobre 3º e 4º da ESO.
- Técnicas de estudo: ambiente de estudo e planificación
- Importancia dos esquemas e resumos
- Preparación de exames.
- Habilidades de interacción social: control das emocións, estilos de comportamento, análise de casos.
- Hábitos saudables . Hixiene e Alimentación.
- Programa Quérote + (Plan Proxecta).Charlas VIH/SIDA e Sexualidade.
- Análise dos resultados obtidos polo grupo nas avaliacións
- Plan Director “Acoso Escolar”.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Programa INCLÚE-T e IGUALA-T (Contratos programa). Abordaremos o tratamento da igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero e a Inclusión Educativa e Social.
- Programa de Prevención das Drogodependencias e Conductas aditivas.

<u>Co alumno/a individualmente</u>

- Recollida de datos persoais, familiares e académicos do alumno/a a través dun cuestionario elaborado polo Departamento de Orientación.
- Entrevista individual co alumno/a que o precise
- Autoavaliación dos resultados da primeira avaliación

<u>Co equipo docente</u>

- Presentación do departamento de orientación, compoñentes e funcións. Horario
- Orientacións para levar a cabo a avaliación inicial.
- Entrega da carpeta do titor/a.
- Preavaliación. Preparación da 1ª avaliación. Análise de cada un dos grupos e das características especias dalgúns alumnos/as. Propostas de intervención.

<u>Coas familias</u>

Reunión dos pais/nais coa Directora, Xefa de Estudos e Xefa do Departamento de Orientación onde se tratarán os seguintes temas: (esta reunión cancelouse pola situación sanitaria derivada da COVID, no seu lugar fixéronse reunións dos titores/as coas familias da súa titoría nas que participou o Orientador)

- Explicación da organización e funcionamento do CPI
- Etapas educativas que se imparten no centro
- Presentación do departamento de orientación, funcións e horario de atención aos pais/nais.

Reunión virtual do titor/a cos pais/nais do seu grupo de tutelados:

- Presentación do protocolo COVID
- Funcións do titor/a
- Normas de funcionamento do centro e sancións (atendendo ao ROF)
- Horario das titorías

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Protocolo de Absentismo Escolar. Control e xustificación das faltas de asistencia.
- Horario das clases (entradas, saídas , recreos...)
- Entrevistas individuais cos pais/nais que o soliciten.
- Prevención de Accidentes e Lesións Medulares.(Fundación AESLEME).

***3.2 Segundo Trimestre***

**<u>1º e 2º DA ESO</u>**

<u>Co grupo clase:</u>

- Autosuperación
- Técnicas de estudo: esquema e resumo.
- Educación para a Paz. Resolución de conflitos.
- Semana de consumo de froita.
- Alcol/Tabaco ( Obradoiro de Bebidas Saudables para 1º de ESO).
- Entroido
- Declaración dos Dereitos Humanos. Tolerancia.
- Características da adolescencia.
- Plan de Exploración Psicopedagóxica do Alumnado.
- Programa IGUALA-T e INCLÚE-T (a través de Contratos – Programa).

<u>Co alumno/a individualmente</u>

- Autoavaliación dos resultados da 2ª avaliación.
- Entrevista individual co alumno/a que o precise.

<u>Co equipo docente</u>

- Recoller as propostas dos profesores/as para a súa inclusión na carpeta do titor/a.
- Entrega da carpeta do titor/a.
- Seguimento dos alumnos/as con reforzo educativo e con adaptacións curriculares.
- Preparación da 2ª avaliación.

<u>Coas familias</u>

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Entrevistas individuais cos pais/nais que o soliciten

**3º e 4º DA ESO**

Co grupo clase

- Expresións de emocións.
- Autoconcepto e Imaxe Corporal.
- Aplicación probas psicométricas se se considera oportuno
- Convivencia e prevención de condutas infractoras (acoso escolar, delitos..) no menor. ( Fundación Arela)
- Igualdade: Charlas sobre Educación Sexual.
- Plan Proxecta. Programa Quérote Máis: 3ºESO.
- Prevención de consumo de substancias prexudiciais para a saúde.
- Programa IGUALA-T e INCLÚE-T (a través de Contratos – Programa).
- Almorzos Saudables.

Co alumno/a individualmente

- Autoavaliación dos resultados da 2ª avaliación
- Entrevistas individuais co alumno/a que o precise.

Co equipo docente

- Seguimento dos alumnos/as con reforzo educativo e con adaptacións curriculares .Entrega de material para o titor/a.
- Preparación da 2ª avaliación e análise dos resultados

Coas familias

- Información puntual aos pais/nais dos resultados académicos dos seus fillos/as.
- Entrevista individual cos pais/nais que o soliciten
- Entrevista individual cos pais/nais de alumnos/as con necesidades educativas especiais, que así o requiran para implicalos nos procesos de aprendizaxe dos seus fillos/as.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

### *3.3 Terceiro trimestre*

**<u>1º e 2º DA ESO</u>**

<u>Co grupo clase</u>

- Información aos alumnos/as de 2º das materias optativas que poden cursar en 3º de ESO.
- Aprendo a decidirme.
- Cuestionario de avaliación da titoría.
- Programa IGUALA-T e INCLÚE-T (a través de Contratos – Programa).
- Entrevista con cada alumno para fundamentar o Consello Orientador.
- Vacacións

<u>Co alumno/a individualmente</u>

- Autoavaliación dos resultados da 3ª avaliación. Propostas de mellora cara o curso que ven.
- Entrevistas individuais co alumno/a que o precise.

<u>Co equipo docente</u>

- Entrega da carpeta do titor/a
- Pautas para elaborar os informes de avaliación individualizados
- Análise dos resultados globais do grupo e dos alumnos/as con reforzo educativo e adaptacións individuais.
- Avaliación do funcionamento da titoría
- Avaliación das actividades realizadas

<u>Coas familias</u>

- Información puntual aos pais/nais dos resultados académicos dos seus fillos/as.
- Entrevista individual cos pais/nais que o soliciten

**<u>3º e 4º DA ESO</u>**

<u>Co grupo clase</u>

- Análise das miñas capacidades.

- Plan Proxecta: Quérote +.
- Intereses profesionais.
- Informar aos alumnos/as de 3º de ESO das materias optativas e itinerarios que poden cursar en 4º.
- Información aos alumnos/as de 4º de ESO sobre os bacharelatos e ciclos formativos que poden cursar. Condicións de acceso.
- Información sobre a Formación Profesional Básica na comarca. Destinatarios. - Educación de Adultos.
- Información sobre ensinanzas non regradas.
- Técnicas de Búsqueda de emprego. Entrega de material: instancia, curriculum vitae, entrevista...
- Toma de decisións. Identificar diferentes itinerarios e alternativas. Descubrir os riscos das decisións tomadas e responsabilizarse da opción adoptada.
- Información sobre as modalidades e optativas do Bacharelato e sobre os Ciclos Formativos de Grado Medio. Vinculación do bacharelato coas diferentes carreiras universitarias.
- Entrevista con cada alumno para fundamentar o Consello Orientador.
- Programa IGUALA-T e INCLÚE-T (a través de Contratos – Programa).
- Cuestionario de avaliación da titoría.

Co alumno/a individualmente

- Entrevista individual co alumno/a que o precise para axudarlle na toma de decisións .

Co Equipo Docente

- Entregar a carpeta do titor/a co material de orientación (folletos ciclos, material bacharelatos, Formación Profesional Básica, etc.)
- Pautas para a elaboración do informe de avaliación individualizado
- Análise dos resultados globais do grupo e dos alumnos/as con adaptacións curriculares
- Avaliación da titoría

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Os titores/as de 3º e 4º elaborarán o Consello Orientador en colaboración co Departamento de Orientación.

<u>Coas familias</u>

- Reunión informativa sobre as materias optativas que poden cursar os alumnos/as de 3º en 4º de ESO.
- Charla informativa sobre os bacharelatos, ciclos formativos, FPB, educación de adultos...
- Informacións aos pais/nais sobre os resultados académicos dos seus fillos/as.

## *4-. METODOLOXÍA*

Fomentarase a colaboración e participación entre os membros do departamento de orientación , entre estes e os titores/as e a Xefa de Estudos.

Para poder desenvolver o Plan a Xefa do Departamento de Orientación e a Xefa de Estudos reunirase cos titores/as cando se estime oportuno.

Así mesmo, cada titor/a, terá unha hora semanal de titoría dentro do horario lectivo do alumnado onde desenvolverá dito Plan.

O titor/a de cada grupo terá tamén designada dentro do seu horario, unha hora de atención aos pais/nais .

## *5. AVALIACIÓN*

Na avaliación do Plan de Acción Titorial, participarán:

O Departamento de Orientación

Xefe de Estudos.

Os titores/as

Os alumnos/as

A Comisión de Coordinación Pedagóxica

Ao final de curso avaliaranse o grado de consecución dos obxectivos e proporanse medidas correctoras ou de mellora cara o vindeiro curso.

Como instrumentos de avaliación o Departamento de Orientación poderá elaborar un cuestionario para entregarlle aos titores/as e os alumnos/as, sobre os que lles resultaron máis interesantes, propostas a tratar cara o vindeiro curso...

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

## 7.5.3 PLANO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL

*OBXECTIVOS*

1- Coordinar a orientación académica e profesional dos alumnos/as ao longo da súa permanencia no Centro, especialmente nos cambios de ciclo ou curso e ante a elección das distintas opcións académicas e profesionais.
2- Coñecer o sistema educativo: materias optativas e itinerarios na ESO, Bacharelato; Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior, carreiras universitarias, ensino non regrado...
3- Coñecer o sistema socio-laboral: saídas laborais, búsqueda de emprego, autoemprego...
4- Implicar no proceso orientador a todos os elementos que forman parte da Comunidade Escolar: alumnos/as, pais, Profesores/as,...
5- Proporcionar o alumno/a estratexias, información e os recursos necesarios que lle proporcionen un coñecemento de si mesmo.
6- Desenvolver a capacidade crítica, exercitando os hábitos de reflexión e análise do alumno/a.

*Específicos*

***a) Plano socio-laboral e académico***

Coñecer e comprende-lo sistema produtivo.

Comprender os conceptos básicos sobre a economía e o traballo: saber facer un curriculum vitae, saber onde recorrer cando se busca emprego: o Servizo Galego de Colocación, o DOG, periódicos...,

Coñecer as materias optativas, itinerarios formativos: bacharelatos, ciclos medios e superiores de formación profesional, carreiras universitarias, Formación Profesional Básica...

Coñecer os diferentes tipos de empregos e ocupacións locais, profesións mais demandadas.

Manexar información sobre o sistema de becas, axudas, como solicitalas, a quen se pode recorrer...

***b) Plano persoal***

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Autoavaliarse e toma conciencia de cales son os estudos e profesións que mellor se axustan os seus interese, personalidade e capacidades.

Coñecer o proceso de toma de decisións, e facilitar a autoorientación do alumno/a.

Mostrar iniciativas na búsquea de emprego, interesarse polas diferentes opcións que existen, pedir información, avaliar vantaxes e inconvenientes de cada opción.

Coñecer as súas posibilidades e limitacións.

Orientar académica e profesionalmente as familias de forma grupal e individual, e potencia-la participación das familias na orientación dos seus fillos/as.

*Actividades:*

-Entrevista individual co alumno/a que o demande ou que a orientadora e o titor/a consideren necesario.

-Entrevista cos pais que o demanden ou o titor/a ou orientadora estimen oportuno.

-Charlas do orientador nas titorías de 2º, 3º e 4º de ESO, para informar sobre as optativas, itinerarios, vinculación cos bacharelatos, condicións de acceso aos ciclos, ESPA, Formación Profesional Básica , etc...

-Información de Becas.

-Colaboración co titor/a na elaboración do consello orientador.

-Preparación e entrega de material para traballar os obxectivos sinalados anteriormente.

-Asesoramento e entrega de material os titores/as para que o traballen cos alumnos/as na hora semanal de titoría.

### 7.5.4 ACCIÓNS PRIORITARIAS

No deseño destas accións tívose en conta a Circular 10/2010 pola que se establecen as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

1- Atención á diversidade nunha sociedade multicultural.

2- Mellorar o clima convivencial no centro educativo a través da potenciación da tolerancia e do desenvolvemento de habilidades sociais.

3- Deseñar e desenvolver actividades de orientación académica e profesional que favoreza a toma de decisións responsables no alumno/a.

4- Asesorar a Comisión de Coordinación Pedagóxica na elaboración dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do centro.

5- Analizar as necesidades educativas dos alumnos/as do CPI, , realizando a avaliación psicopedagóxica cando se precise.

6- Asesorar ao profesorado no desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, segundo a Circular 8/2009 e o Decreto 229/2011, do 7 de decembro , polo que se regula a atención á diversidade. Así mesmo, terase en conta o Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

7- Impulsar no noso centro actuacións dirixidas á mellora continua da calidade.

8- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.

9- Asesorar ás familias e implicalas nas tarefas de apoio e orientación dos seus fillos/as.

10- Atender e asesorar o alumnado, principalmente nos momentos críticos, como son o ingreso no centro, ao cambio de curso ou etapa educativa, o transito ao mundo laboral.

11- Colaborar cos Servizos Externos como Equipo Específico, Servizos de Orientación Laboral, Concello , Servizos Sociais, etc.. no desenvolvemento e posta en práctica de programas e actuacións que favorezan a orientación académica e profesional e a redución de calquera tipo de desigualdade (de xénero, residencia, orixe...)

## 7.6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN. METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN.

O Departamento de Orientación actuará da seguinte forma:

1. O Xefe do Departamento proporá as actividades de orientación e titoría do CPI .Para poder levar a cabo estas tarefas colaborará con:

   a) A Xefa de Estudos de Primaria e Secundaria con quen se establecerá unha hora de reunión semanal para coordinar estas actividades.

   b) Cos Departamentos Didácticos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que se reunirá unha vez ao mes.

   c) Cos titores/as, dándolles material para traballar as actividades de titoría.

2. O Departamento de orientación reunirase unha vez ao mes cos compoñentes do Departamento de secundaria, establecerá reunións de coordinación con PT e AL para facer seguimentos e propor liñas de actuación. Cos coordinadores de Ciclo de Primaria, a orientadora, reunirase segundo as necesidades que xurdan.

Os Profesores/as de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe intervirán directamente, fora da aula cos alumnos/as que o precisen.

## 7.7 AVALIACIÓN

Avaliaranse os obxectivos previamente programados e estableceranse as melloras oportunas para o vindeiro curso.

A avaliación faraa:

O Xefe de Estudos coa colaboración de todos os membros do D.O

Os titores/as.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Os alumnos/as

As Xefas de Estudos reuniranse co D.O e cos titores/as para analizar se se acadaron ou non os obxectivos previstos e analizar as dificultades que foron xurdindo.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica elaborará os criterios para avaliación do plano de acción titorial e de orientación académica e profesional.

Os alumnos/as valorarán a través dun cuestionario as actividades e funcionamento da titoría e orientación.

## 7.8 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS OU EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLANO DE ORIENTACIÓN.

Estas actividades terán un carácter flexible e poderán, ao longo do curso, ser modificadas, ampliadas ou suprimidas en función das necesidades das titorías, do departamento de orientación e da dispoñibilidade da organización do centro.

O Plan de actuación para cada unha das etapas educativas aparece recollido na Programación do Departamento de Orientación do curso 2020/21.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Para o desenvolvemento dos obxectivos xerais e das liñas prioritarias fixadas no plano de orientación márcanse as seguintes actividades:

- Programa Eduemprende. Destinatarios: 5º e 6º de Primaria. Data prevista: xaneiro 2020
- Programa Quérote +. Plan Proxecta.
- Contratos – Programa.
- Plan Director "Acoso Escolar " para 5º e 6º de EP e 1º , 2º, 3º e 4º da ESO.
- Actividades deseñadas pola Consellería de Educación, e Xunta de Galicia, Universidades e Concello de Fene cara a orientación académica e profesional nas datas que se sinalen.Os destinatarios serían principalmente alumnos de 4º de ESO.
- Charla de membros da Armada Española sobre requisitos de Acceso, formación, escalas, etc .... Destinatarios: 4º de ESO. Datas prevista: 30 de Outubro.
- Visita ao Campus Universitario de Ferrol. Destinatarios: 4º de ESO. Data prevista: segundo trimestre.
- Asistencia á Feira de Orientación Académica e Vocacional organizada polo IES Leixa. Datas previstas: Segundo trimestre. Os destinatarios serán os/as alumnos/as de 4º de ESO.
- Charlas da Asociación Arelas - Diversidade Sexual. Destinatarios : alumnado de 3º e 4º de ESO. Data prevista: 2º-3º trimestre.
- O Departamento de Orientación coordinará e colaborará cos Servizos Sociais do Concello de Fene nas actividades deseñadas para este curso 20/21 no Programa de Prevención de Drogodependencias e Promoción da Saúde asi como no Programas de Igualdade e Prevención da violencia de xénero. Destacamos as seguintes:
    - Obradoiro de Bebidas Saudables ( Destinatarios: 1º de ESO)
    - Campañas de sensibilización sobre a prevención do consumo de alcohol e outras substancias. (Asfedro).Destinatarios: 3º e 4º de ESO.
    - Charlas de Prevención de Adiccións e bo uso das TICS. Destinatarios: 2º de ESO.
    - Programa Interxeneracional.
    - Cinensino en 1º de ESO. Unha proxección por trimestre.

- Actividades de Prevención de violencia de xénero e eliminación de condutas machistas. Data prevista do 1º obradoiro: 9 de novembro(3º ESO).
- Programa de Ocio e Tempo Libre. Mocidade Activa. Primeiro Trimestre.
- Educación para á Saude: Obradoiro de Nutrición. Destinatarios: Educación Primaria.

- Programa INCLÚE-T: Promoción da Inclusión coa Asociación ASPERGA, sensibilización e afondamento no coñecemento das persoas con TEA.

Estas actividades desenvolveranse prioritariamente nas horas de titoría agás aquelas que precisen unha reunión dos grupos por niveis ou máis dunha sesión.

As visitas programadas ou a asistencia a Xornadas de Orientación, requirirán saír fora do centro dentro do horario escolar e ou extraescolar.

As Xefas de estudio estarán informadas das actividades que están a propoñer os Servizos Sociais do Concello de Fene.

Para o desenvolvemento destas actividades será fundamental a colaboración dos titores, departamentos didácticos, Comisión de Coordinación Pedagóxica, titores , Equipo Directivo e Servizos Sociais do Concello.

Os destinatarios e as datas poderán variar en función da disposición dos axentes implicados, da organización do centro e sempre en coordinación coa Xefatura de Estudios e Dirección e respectando as normas sanitarias derivadas da COVID.

## 7.9 EN CASO DE CONFINAMENTO SEN ACTIVIDADE PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL.

No caso de confinamento ou actividade lectiva semipresencial por consecuencias relativas a emerxencia sanitaria a programación levaráse a cabo coas seguintes adaptacións:

### 7.9.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Os obxectivos do Departamento de Orientación manteránse, así coma a concrección das actividades e actividade lectiva dos seus membros, en caso de confinamento e/ou semipresencialidade. A modalidade será via videoconferencia e/ou telefónica.

Únicamente se deterán as probas diagnósticas colectivas que non se poden aplicar sen a presencia de alumnado

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

### 7.9.2. Avaliación e cualificación dos resultados acadados polo D.O

A avaliación da actividade e intervención do departamento levaráse a cabo do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| **PROCEDEMENTOS** | Probas de diagnóstico psicopedagóxico pasadas aos distintos grupos.<br>Valoración subxectiva das accións do D.O. respecto a:<br>Programas levados a cabo.<br>Intervencións realizadas a nivel centro, aula e alumnado. |
| **INSTRUMENTOS** | Test estandarizados<br>Rexistros subxectivos<br>Observacións<br>Actas das reunións e videochamadas e chamadas realizadas. |

### 7.9.3. Metodoloxía e actividades (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

A avaliación da actividade e intervención do departamento levaráse a cabo do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| **Actividades** | Tentaremos levar a cabo todas as actividades plantexadas no Plan de Actividades en caso de confinamento, pero de xeito telemático. Destacar ademais específicamente:<br>Contactos e asesoramento online e telefónico a profesorado que así o demande, alumnado e familias.<br>Coordinación PT e AL: deseño de intervencións. Tentase levar a cabo coma mínimo 2 sesións por videoconferencia de apoio de PT e AL co alumnado que estaba a recibir esta medida extraordinaria de atención á diversidade.<br>Publicación de recursos na web do CPI para aconsellar sobre o traballode benestar emocional neste momento de confinamento e para colgar recursos de apoio curricular e materiais vocacionais, académicos |

| | |
|---|---|
| | e de orientación profesional: https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira/?q=taxonomy/term/21 . |
| **Metodoloxía** | A metodoloxía que utilizaremos estará baseada no traballo grupal (na medida do posible), colaborativo e globalizado. Partiremos dun enfoque constructivista e sistémico analizando as necesidades e intervindo dende elas e desenvolvendo as fortalezas de alumnado, familias e profesorado. |
| **Materiais e recursos utilizados** | Bibliografía.<br>Plan do D.O.<br>Recursos Online<br>Ordenador (Videochamada e telefónica)<br>Web do centro<br>Plataforma webex.<br>Google classroom.<br>Google meet. |

## 7.9.4. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias**<br>*(Indicar de que xeito e a través de que medios ou plataformas se informará)* | Dende a web do CPI:<br>https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira/?q=taxonomy/term/21<br>Via mail do centro: Plataforma Google.<br>Aclararase presencial/telefónicamente a todo o alumnado e familias que o demanden. |
| **Publicidade** | Páxina web do centro<br>http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira/ |

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax. 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

# 8. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O CURSO 2020/21

## 8.1 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

No actual curso académico contamos con 285 alumnos e alumnas das etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria. O noso censo de alumnos provén de alumnos de Fene e da contorna. Coma centro adscrito contamos co CEIP Centieiras, onde se incorporaron un total de 10 alumnos para o actual curso, e o resto de alumnos de 1º , 24 en total, son do noso CPI e de incorporacións doutros centros de Ferrolterra.

Nas etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria as Necesidades Específicas de Apoio Educativo que se dan son: alumnado con características relativas a Necesidades Educativas Especiais ( Discapacidades Motorices, Trastorno do Espectro Autista, Discapacidade Auditiva...) Dificultades Específicas de Aprendizaxe, Alta Capacidade Intelectual, Condicións de Historia Persoal e Escolar que requerirán a adecuación dos elementos de acceso ao currículo, apoio de PT e AL, eliminación de barreiras arquitectónicas, adaptación do mobiliario escolar e adaptacións organizativas diversas (por escolarización combinada).

## 8.2. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### *8.2.1 Atención xeral.*

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensinanza–aprendizaxe ás características particulares de cada alumno/ a, o que pode traducirse nunha flexibilización da metodoloxía e organización, potenciando ademais a cooperación da familia na educación dos seus fillos/ as.

En síntese, trátase de que a cada alumno se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Neste tipo de actuacións é preciso que o profesorado (tanto titores/ as como especialistas), coñezan a situación persoal de cada alumno/ a, é dicir, que teñan constancia dos principais datos evolutivos e de saúde, do estilo e do ritmo de aprendizaxe de cada quen… para valorar a metodoloxía máis axeitada para cada neno/ a que facilite o seu achegamento ao currículo, que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula… sendo fundamental o papel do titor/ a á hora de establecer unha rede coordinadora entre o distinto profesorado que imparta docencia na súa aula.

### *8.2.2 Medidas ordinarias .*

**Propóñense:**

- Reforzo educativo
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Desdobramento de grupos.
- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula nas diferentes etapas educativas do centro para atender ao alumnado con déficits motórico, auditivos , visuais e trastornos xeneralizados do desenvolvemento.
- En Educación Infantil establecerase flexibilidade horaria para a atención do alumnado con NEAE, preferentemente dentro da aula.
- Aula de Convivencia. Seguiranse os criterios de actuación e intervención sinalados no Plan de Convivencia, no NOF, na Lei 4/2011, no D 8/15 de convivencia nos centros educativos da CCAA de Galicia e na Circular 8/2009.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Asesorarase a CCP para que as programacións didácticas dos cursos e departamentos recollan as medidas de atención á diversidade e se leve a cabo a avaliación inicial do alumnado.

### *8.2.3. Medidas extraordinarias*

- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- Adaptación Curricular (AC).
- Flexibilización da idade de permanencia na etapa para o alumnado con NEE.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

## 8.2.4 Recursos

### *8.2.4.1 Recursos materiais.*

- Despacho de Orientación.
- Dúas Aulas de Pedagoxía Terapéutica.
- Aula de Audición e Linguaxe.
- Bibliografía específica.
- Material educativo de apoio para o deseño de actuacións e intervencións específicas.
- Ordenadores con conexión á rede.
- Material específico para a avaliación (probas psicopedagóxicas).

### *8.2.4.2 Recursos persoais*

**Internos ao centro:** Mestres/as e profesores/as. Entre eles atópanse , un orientador, tres mestras de Pedagoxía Terapéutica (dúas para Infantil e Primaria, unha delas compartida co CEIP O Ramo, e outra para Secundaria), e unha especialista en Audición e Linguaxe (compartida co CEIP Centieiras). Ademais contamos tres coidadoras a tempo completo.

**Externos ao centro:** Equipo de Orientación Específico (EOE), Equipo de Atención Temperá, Centro de Formación e Recursos (CFR), algún Centro Específico de Educación Especial, servizos sociais do Concello, diversas entidades, gabinetes e asociacións.

### *8.2.4.3 Recursos organizativos e funcionais*

En canto aos recursos funcionais e organizativos debemos destacar que no CPI nos coordinamos en función de dous tipos de órganos: os órganos de goberno e os órganos de coordinación docente. En referencia á orientación debemos destacar os seguintes aspectos organizativos e funcionais:

**Organizativos:** Reunión mensual dos membros do Departamento de Orientación, ademais das reunións precisas coas familias do noso alumnado.

Horario de Atención aos pais e alumnos no D.O

Horario de atención aos pais por parte dos titores.

Horario de atención aos pais do profesorado de primaria e secundaria.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Horario de atención e coordinación cos titores, por parte do Xefe de Departamento de Orientación.

Horario mensual de coordinación entre os integrantes do Equipo de Atención á Diversidade.

**Funcionais:** Condicións espazo-temporais, cumprimento dos horarios, coordinación docente, colaboración, seguimento, asesoramento e dinamización do Departamento de Orientación, supervisión e revisión por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, apoio e complemento do Equipo de Orientación Específico, Centro de Formación e Recursos… segundo as necesidades.

## 8.3. PROCESO DE SEGUIMENTO, ACTUACIÓN E MELLORA DO PLAN.

| | Responsables | Temporalización | Metodoloxía |
|---|---|---|---|
| Avaliación Inicial | DO<br>CCP<br>Claustro | No mes de Setembro | Aplicación de probas específicas.<br>Lista de observación<br>Informes do alumnado |
| Avaliación Procesual | | Durante o curso | A partir das reunións de avaliación, recolleranse as modificacións necesarias. Atendendo ás demandas do profesorado |
| Avaliación final | | Fin de curso | Na memoria de fin de curso, partindo das propostas de mellora nas sesións da avaliación. |

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

# 9. PLAN IGUALDADE CPI A XUNQUEIRA

## 9.1 INTRODUCIÓN.

O CPI A Xunqueira, de acordo co seu entorno e a realidade na que vive está moi inmerso na necesidade de establecer medidas reais e concretas que acompañen ao cambio social e político que o noso país está a vivir no marco da igualdade real. Dentro dos principios do noso Proxecto Educativo (PE de agora en diante), a igualdade e o rexeitamento a calquera forma e discriminación e violencia por calquera razón son parte esencial.

Por esta razón, pola sensibilización do noso centro coa mellora das xeracións vindeiras e partindo do marco lexislativo e en concreto da instrución do 6 de setembro de 2019 da DXEFPeIP, para a elaboración dos plans de igualdade para o curso 2019_20, nos centros docentes públicos, realizamos este plan.

Nesta introdución/preámbulo, e tal e coma establece a instrución que regula o plan de igualdade establecemos:

- A persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar e membro do Claustro de profesores_as será: Diego Calviño, actualmente secretario do centro.
- Establécese a necesidade, de ser o caso, de iniciar o inicio de medidas que melloren a convivencia, no caso de conflito xeral ou relacionado con problemas de igualdade ou convivencia por razón de xénero, tal e coma establecen a Lei 4/11 de convivencia na CCAA de Galicia e o D8/15 que regula este particular na nosa CCAA.
- O PE na súa próxima revisión incluirá a coeducación e a igualdade coma marca propia do centro.
- Levarase a cabo a difusión dos obxectivos coeducativos na nosa comunidade educativa, facendo especial fincapé nas familias e o alumnado.
- Pretendese abordar de xeito específico e a través da acción titorial a educación afectivo – sexual do alumnado, accedendo a programas coma o Quérote +, dentro do Plan Proxecta. Este curso académico a acción titorial na ESO incluirá de xeito mais decidido esta temática.
- O 25 N e o 8 M , realizaremos actividades globais en todo o centro en pro da aceptación e igualdade no eido da identidade sexual

## 9.2 CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, mais alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma. No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. O artigo 1 desta lei establece como principio da educación "o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero". E o artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a "educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres". Os decretos de currículo desenvolven estes principios.

Destacar que o Pacto de Estado para combater a violencia de xénero, acolle con forza medidas que promovan a igualdade e o respecto aos dereitos das persoas independentemente da súa condición por razón de xénero, ideoloxía, diversidade funcional… ou calquera outra.

Partimos tamén dos principios que rexen a igualdade nos centros educativos da nosa Comunidade Autónoma para o período 2016-19

## 9.3 ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTIFOBIA

Destacar que o estado da convivencia na nosa escola é moi positivo en xeral, tal e coma establece a macroenquisa de convivencia realizada dende a Consellería con competencias en materia de educación (EDUCONVIVES 2015).

No centro non se detectan problemas co respecto as diferencias e dende un punto de vista externo, polo que se pode observar dende o centro, os casos de violencia de xénero nas familias son escasos e puntuais.

Destacar un baixo número de conductas contrarias á convivencia, pero que aínda que non son moi prevalentes, nos preocupan moito e personalizamos a súa intervención e búsqueda de solución e crecemento coas mesmas.

En calquera Plan, e moito mais neste Plan de Igualdade debemos de ser conscientes das nosas FORTALEZAS coma centro para levar a cabo as nosas actuacións:

- Estamos emprazados nun entorno reivindicativo e emprendedor coma é Fene.
- Somos un centro educativo COHESIONADO e cunha forte esixencia respecto da labor educativa das familias e do propio profesorado.
- Un equipo directivo con experiencia no centro.
- Coma calquera centro convivimos coa diversidade e atendemos a u amplo espectro de alumnado, polas amplas necesidades presentadas e polas etapas que ten o centro, dende infantil ata a totalidade da ensinanza básica obrigatoria.
- Somos un centro con vocación de coñecemento doutras realidades e de crecemento e mellora.

Todo isto fai que contemos cunha excelente base para acometer a consolidación da igualdade na nosa escola.

## 9.4 OBXECTIVOS EDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

Partindo dun modelo de prevención e intervención educativo e social, e tal e como establece a instrución do 6 de setembro de 2019, os obxectivos deste plan serían:

- Promover da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
    - Visibilizar, aínda mais se cabe, o papel da muller na nosa sociedade.
    - Coñecer os roles sociais e profesionais que tradicionalmente se atribúen a homes e mulleres e romper estes estereotipos.

    - Dar a coñecer ao alumnado o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible nº 4 para o 2030 da UNESCO, respecto da calidade da educación e igualdade de mulleres e homes
- Previr , detectar e intervir en casos de violencia de xénero.
    - Dar a coñecer a normativa respecto a dereitos e deberes do alumnado.
    - Traballar a cultura da Paz e a non violencia.
    - Analizar co alumnado o protocolo de actuación en conductas contrarias á convivencia.
- Previr o respecto e coñecemento pola diversidade afectivo-sexual.
    - Coñecerse a si mesmos e os seus intereses.
    - Afondar na educación sexual e coñecemento de inquedanzas e dificultades coa mesma.
    - Dar a coñecer en profundidade coma as TIC inflúen a día de hoxe nas relacións afectivo sexuais.
    - As habilidades sociais e a interacción cos outros
- Prevención, detección e intervención en casos de LGTIfobia.
    - Afondar no coñecemento desta realidade.
    - Favorecer a participación de axentes externos (asociacións LGTBI) que nos aporten a visión propia desta realidade.

## 9.5 MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

### 9.5.1. Organización do centro.

Introduciranse as seguintes medidas na organización do centro:

- Incluiranse no PE medidas para o abordaxe da igualdade entre mulleres e homes e non discriminación por ningunha razón.
- Participaremos e implementaremos obradoiros de educación e recoñecemento da diversidade afectivo – sexual.
- Introduciremos actividades que teñan que ver co coñecemento da diversidade sexual e do colectivo LGTBI.
- Favorecerase a presenza de persoas de ambos sexos en órganos decisorios e organizativos do centro: Consello Escolar, Comisión de Convivencia, Xuntas de delegados, representación das familias en distintos órganos.... tendendo a unha maior prevaleza do sexo feminino.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- A persoa representante no Consello Escolar en materia coeducativa, tamén terá a responsabilidade de implementar as medidas incluídas neste Plan de Igualdade.
- Todas as accións levadas a cabo neste plan daranse a coñecer as familias e nos órganos de representación (Claustro, Consello Escolar, Xuntas de alumnado,e Asociación de Nais e Pais) solicitarase participación e aportacións ao mesmo.
- A través da iniciativa da Consellería de Educación, Universidade e FP de contratos – programa (Liña 3 de Convivencia) buscaremos a colaboración de especialistas que formen ao profesorado neste eido.
- No seo do Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias planificaranse accións de sensibilización na celebración do 25 N e 8 M, que impliquen a toda a Comunidade Educativa.
- Participaremos no programa Quérote + do Plan Proxecta.

### 9.5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

Neste eido levaremos a cabo as seguintes medidas:

- Revisaranse as Programacións Didácticas, por parte do Equipo Directivo, nas cales se teña en conta o uso dunha linguaxe inclusiva. Relacionaranse as accións das programacións de centro con accións que se levarán a cabo en departamentos coma o de Biblioteca, nos que se promova o coñecemento de mulleres influentes na historia e do seu papel relevante.
- Proporcionaranse materiais didácticos que promovan un coñecemento real da sociedade e den recursos ao profesorado para traballar a igualdade e eliminación de estereotipos de xénero.
- Levaremos a cabo actividades de sensibilización no centro coma: pais e nais que veñan a falar do seu traballo ao alumnado, promovendo que teñan traballos “non convencionais” dende unha perspectiva tradicional para o seu xénero.

### 9.5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

Promoveranse as seguintes accións:

- Utilizaremos os espazos web e todo o espazo visible do centro (paredes, muros, portas, taboleiros....) para difundir as accións en materia de igualdade, que tenten ter un impacto a nivel visual e informativo.

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpi.axunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

- Dende a biblioteca escolar, nas aulas e nas lecturas compartidas cos alumnos e familias promoveranse lecturas coeducativas que se integrarán no espazo lector de infantil e primaria.
- Farase fincapé no coñecemento e respecto das entidades e empresas que colaboren co centro educativo, dando preferencia a aquelas que inclúen nos seus principios o respecto e accións activas a prol da igualdade e respecto a todos os colectivos existentes no eido da inclusión social e educativa e na igualdade.
- Promoveremos patios activos e actividades inclusivas no período de lecer.
- Levaranse a cabo nas distintas accións titoriais o análise da realidade social, adaptándoo a cada etapa, facendo da Xunqueira un foro de análise real do que pasa na sociedade.
- Seguiremos utilizando unha das fortalezas do centro, o desenvolvemento tecnolóxico e a robótica coma medio de igualdade e fomento de vocacións femininas neste eido que continúen no tempo e nos espazos de educación superior.
- Promoveremos accións que revelen o absurdo da discriminación sexual, acoso, e calquera forma de violencia, que afonda o seu xerme no non respecto pola diferenza, e fomenten o verdadeiro obxectivo do ser humano: o traballo conxunto, a cooperación e o amor nas distintas facetas da vida.

### 9.5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

Promoveremos as seguintes accións:

- Fomentaremos e promoveremos o respecto e bo trato entre mulleres e homes partindo do bo exemplo por parte do profesorado e das familias, fomentando o aprendizaxe Vicario (Bandura, 1973) e con actividades específicas nas distintas materias que emanen deste plan.
- Promoveremos accións solidarias coma o coidado do medio ambiente (este ano incluímos entre as materias de Libre Configuración Autonómica do centro a de Paisaxe e sustentabilidade) e de coidado e respecto entre persoas.
- Promoveranse metodoloxías participativas e cooperativas, coma a aprendizaxe por proxectos.
- Levaremos a cabo actividades de intervención social e voluntariado na Comunidade Educativa coma: actividades de respecto e coñecemento do medio, doazón de roupa,...

Avda do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax 881930117
cpiaxunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

## 9.6 SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

A avaliación, retrofeedback e seguimento do Plan farase trimestralmente no seo da CCP e na interacción cos titores de aula. Partiremos do desenvolvemento dos obxectivos e o impacto dos mesmos, a través do cumprimento dos mesmos.

Ao final de curso e durante as avaliacións trimestrais do plan, faranse propostas de mellora, que se implementarán dándolle vida a este plan de igualdade.

# 10. PLAMBE: LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2020/21

## O CURSO 2020/21

Un ano máis o noso CPI forma parte do grupo de Centros PLAMBE. Coa participación neste proxecto, buscamos mellorar a competencia informacional do noso alumnado, desenvolvendo e mellorando as súas aptitudes lectoescritoras para convertilos en lectores e escritores competentes e eficaces, así como educar as habilidades e destrezas propias da competencia en información e medios. Para alcanzar estes obxectivos dende a biblioteca escolar póñense en marcha unha serie de liñas de actuación nas que colabora todo o profesorado do centro, plenamente implicado nos obxectivos plantexados dentro do PLAMBE.

Estas liñas prioritarias seguen o fío do traballo que vimos desenvolvendo nos últimos anos. Debido ás novas circunstancias derivadas da pandemia do COVID-19 adaptaremos o noso traballo para manter a biblioteca como instrumento de apoio e/ou organizador das actividades que se nos propoñan ou se realicen no centro, dándolles visibilidade no noso blog. As liñas prioritarias que aquí presentamos poden ser susceptibles de cambios para adaptarnos ás necesidades que vaian xurdindo, interactuando dende a casa co noso alumnado e aplicando as medidas sanitarias recomendadas polas autoridades para levar a cabo a nosa labor no centro.

## 10.1 En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como "laboratorio creativo de aprendizaxes".

A nosa biblioteca escolar é concebida tanto como lugar de formación e aprendizaxe, como lugar de encontro, de ocio, comunicación e intercambio de experiencias. Para conseguir este obxectivo utilizamos unha metodoloxía activa e participativa, baseada nos intereses do alumnado que mellor poidan conectar coa súa formación. Por iso, queremos poñer en valor os recursos da biblioteca (equipo docente, colección, espazos, equipamentos e actividades desenvoltas) para que nos permitan afrontar e colaborar coa comunidade educativa nos novos retos que nos plantexa esta "nova realidade" que estamos a vivir, ben sexa a través da actividade presencial, semipresencial ou non presencial.

Ante a incerteza que nos depara o próximo curso, consideramos como liña prioritaria a posibilidade de **"abrir a biblioteca de modo virtual"**, ofrecendo o seu blog como espazo para compartir os traballos do alumnado, facendo préstamos por encargo, creando un fondo

Avda. do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax. 881930117
cpiaxunqueira@eduxunta.es
www.eduxunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

dixital de ser posible, ou utilizando ferramentas virtuais como a videoconferencia para favorecer encontros entre alumnado de diferentes cursos, como, por exemplo, para manter os apadriñamentos lectores ou os encontros do club de lectura.

Polo demais, como **liñas prioritarias** para o vindeiro curso, temos as habituais:

- Manter o equipo de Biblioteca para poder así distribuir os diversos labores que require a BE.
- Abrir a BE no tempo de lecer, con quendas de garda para tal fin, adaptándonos ao protocolo Covid deseñado no centro.
- Dispoñer dos libros de lectura obrigatoria de todas as materias e niveis en cantidade suficiente para intentar paliar as necesidades do alumnado. Cando os teñades, comunicádenos os títulos dos libros escollidos para poder poñelos a disposición do rapaces e rapazas.
- Adxudicar unha hora á semana de uso para cada grupo burbulla de Primaria e Infantil, para que así poidan facer uso dos recursos da BE mantendo todo o posible a separación do resto de grupos. Unha vez adxudicadas estas horas os grupos de secundaria poderán escoller as horas dispoñibles se así o desexan.
- Formar e organizar ao alumnado colaborador para axudar nas tarefas da BE. Este alumnado acudirá á BE no recreo o día que lle corresponda ao seu grupo e colaborará no traballo que se estea a desenvolver.
- Manter a hora de ler tanto en Primaria como en Secundaria.
- Continuar coas lecturas compartidas realizándoas en directo a través de videoconferencia.
- Organizar a formación de usuarios da BE: centrarémonos en formar aos usuarios na consulta *online* dos fondos dispoñibles a través do Opac Meiga, na solicitude de préstamo a través do correo electrónico e na utilización do blog da biblioteca como modo de comunicación cos nosos usuarios. Elaboraremos un tríptico informativo e sesións formativas para cada grupo.
- Elaborar e entregar carnés para os novos usuarios/as.
- Colaborar na organización do Club de Lectura: continuaremos con esta actividade que será presencial mentres se poida. As reunións en lugar de realizarse na BE, terán lugar na aula correspondente de cada grupo de lectura, e, no caso do grupo de adultos, serán *online* ou en espazos abertos fóra do centro. Na actividade semipresencial ou a distancia as reunións poden ser por videoconferencia.
- Organizar as campañas dinamizadoras de lectura e de efemérides educativas.

- Coordinar as actividades na biblioteca: charlas de escritores, exposicións, concursos,... que serán *online* mentres continúe esta situación sanitaria de pandemia.
- Continuar co proxecto *Descubre Fene* iniciado no curso 2019-20. Os traballos que vaiades realizando iremos colgándoos no noso blog.
- As BE teñen como tema a axenda 20-30 e os obxectivos do desenvolvemento sustentable, así que tamén podemos facer algún traballo en torno a ese tema se o preferides.
- Continuar co proceso de informatización dos fondos a través do Meiga.
- Realizar expurgo e actualizar os fondos físicos e dixitais, así como a hemeroteca da BE.
- Seguir o protocolo de uso da biblioteca e novas normas adaptadas á COVID-19. Este protocolo poderá ser modificado en función das necesidades e da evolución da pandemia.
- Deseñar follas informativas para a difusión de actividades, utilizando principalmente as redes sociais.
- Colaborar co equipo dinamizador da lingua galega, coas diferentes actividades que se vaian organizando nos distintos grupos, así como nos diferentes proxectos do centro, na medida das nosas posibilidades.
- Aumentar o número de equipos informáticos, lectores dixitais e tablets dispoñibles na BE.
- Non haberá zona de xogos na BE, pero si poderemos prestar os xogos para levar á casa ao igual que os fondos bibliográficos e películas.
- Se tedes algunha proposta de actividade, mellora das que estamos a facer ou de compra de fondos…, non dubidedes en facérnola chegar.
- O correo da biblioteca é bibliotecus.axunqueira@gmail.com ou luciaprieto@cpiaxunqueira.com.

Nestas direccións intentaremos atender as vosas propostas o máis axiña posible.

## 10.2 En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Na entrada ao colexio, contabamos cun **espazo lector** e un kit de lectura informal achegado pola Consellería, e un **taboleiro** no que se van presentando as diferentes actividades que se van desenvolver. Por motivos sanitarios temos que eliminar temporalmente este espazo

pero elaboraremos o taboleiro de maneira dixital e subirémolo ao **blog e demáis redes** (Facebook,…) para abrir o noso cole á comunidade escolar. Pola antedita situación sanitaria eliminamos tamén os expositores dos que dispoñiamos nos corredores do centro.

Todas as actividades están no blog da biblioteca, facebook e club de lectura.

**Equipos informáticos** para que os usuarios/as poidan utilizalos de forma reflexiva e crítica, desenvolvendo un proceso educativo autónomo e unha aprendizaxe responsable. Trátase dende a BE compensar as desigualdades traballando co titor/a moi estreitamente facilitando o uso, préstamo, acceso a Internet,… A biblioteca intenta nutrirse dos textos que sexan solicitados nas clases, de linguas especialmente, para ser utilizados polos alumnos que non poidan adquirilos. Mantemento e renovación das bibliotecas de aula.

## 10.3 En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual <<competencia dixital>>).

O equipo de biblioteca realiza **sesións de formación específicas** e posta en común para controlar o proceso de préstamo e o funcionamento xeral da BE, adaptando a oferta de actividades. Continua o **Club de lectura** en Primaria, Secundaria e adultos. Todos os alumnos e profesores do centro teñen unha **sesión informativa a comezo de curso** sobre a BE. Para os alumnos elaboraremos unha presentación e un tríptico no que se faga fincapé na utilización das tic para achegarse á nosa colección, buscando a mellor forma de aproveitar todos os recursos da biblioteca e no que se expliquen as normas derivadas do protocolo covid. Na reunión cos profesores pídese a súa colaboración para conseguir un mellor funcionamento (axudando na correcta colocación do material) e un maior e mellor aproveitamento, ao mesmo tempo que se recollerán propostas e suxestións. Durante todo o curso mantense unha ventá aberta de colaboración para recoller **novas propostas de actividades ou adquisición de fondos**. Trataremos de aumentar e poñer en circulación os recursos de **lectura dixital** cos que conta a nosa biblioteca, en especial os *e-readers*, creando unha colección de *e-books* variada e atractiva, respectando as autorías, dando prioridade ás licenzas abertas e primando a calidade e relevancia dos contidos. Queremos desenvolver un programa de alfabetización mediática e informacional, aberto a todos os membros da comunidade educativa: cursos de lectura dixital, fontes de información,... en colaboración coa ANPA se é posible. Potenciar a adquisición de recursos dixitais, tendo en conta as necesidades en materia de cultura dixital do alumnado.

Programas de formación para a competencia informacional e mediática:

**1º Trimestre:** Actividade formativa para o alumnado nas técnicas de procura de información documental usando material impreso e dixital. Deseñarase unha actividade formativa específica para os colaboradores de biblioteca e para o profesorado. A formación farase neste curso máis necesaria se cabe debido á pandemia da COVID-19 para dar a coñecer as medidas de prevención.

**2º e 3º Trimestre:** Exposición de traballos realizados polos alumnos no centro e nas redes sociais. **Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros:** Solicitude de grupo de traballo para o profesorado, ferramentas TIC… Seguiremos colaborando en todos os niveis educativos, proxectos, tarefas e actividades..

## 10.4 En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

Dende a biblioteca organízase a **Hora de ler**, na que se establece un tempo obrigatorio de lectura libre semanal: despois do recreo en primaria e unha hora á semana en secundaria, seguindo o calendario da hora de ler. Fíxanse os criterios de avaliación inicial por cursos cara á lectura. Fanse reunións de Infantil, Primaria e Secundaria para establecer pautas de lectura, metodoloxía, actividades para que haxa unha coordinación entre os distintos niveis; a CCP e o equipo de Orientación participarán no deseño das actividades. Trabállase no **Plan Lector** para a a súa aprobación no Claustro e Consello. Tamén se organiza o **Club de lectura** e **Encontros con escritores** para todas as etapas, na medida do posible. Préstase **apoio ás actividades** do ENDL.

Póñense a disposición do profesorado e alumnado os **fondos** necesarios para levar adiante traballos de investigación (proxectos) que poidan xurdir ao longo do curso. **Organízanse os recursos** para que poidan ser facilmente accesibles e **foméntase a súa utilización**. Dispoñemos do Facebook do colexio como medio para achegar a BE aos usuarios. Temos funcionando o blog da biblioteca e o do club de lectura. O blog da BE permite a busca de material dentro dos fondos da biblioteca, a realización de actividades ou xogos, a publicación de traballos, suxestións (peticións de libros ou materiais, críticas de libros, proposta de actividades...). O espazo físico da BE é potenciado para a súa utilización por parte do profesorado como centro de recursos para a **busca de información e actividades para o fomento da lectura** (clubs de lectura, xogos de animación, lectura individual, encontros con autores,...). Dende o primeiro momento, o equipo da BE ponse en contacto

Avda. do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax. 881930117
cpi.axunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

con todos os niveis do centro para ofrecer a súa colaboración no desenvolvemento das súas actividades.

Mantemos a nosa hemeroteca coa recepción mensual da revista *National Geographic* e o xornal *Sermos Galiza* e a compra de prensa local e revistas de diferente temática. Trataremos de ampliar a hemeroteca dixital.

## 10.5 En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva.

O Departamento de Orientación e a CCP colabora co Equipo de biblioteca asesorando sobre recursos e servizos necesarios orientados ao alumnado con NEE. A biblioteca trata de favorecer a **integración** de alumnos con NEE mediante traballos e concursos en equipo, onde se mesturen alumnado de necesidades específicas cos outros que poden axudarlles; pretendemos facer unha **BE inclusiva.** En colaboración coas titorías, a biblioteca pon ao servizo do alumnado en situación de desigualdade os seus recursos. Temos alumnos da zona e inmigrantes con necesidades que a biblioteca e o centro axudan a corrixir en relación a materiais bibliográficos e TIC. Adquírense os libros de lectura recomenda necesarios para atender todas as necesidades xeradas pola desigualdade económica. Buscamos que a biblioteca sexa un espazo apetecible para o lecer, non só para desenvolver actividades curriculares, ofrecendo actividades motivadoras e variadas, tanto libres como dirixidas. Adquirimos fondos para unha biblioteca inclusiva sobre temas variados como emocións, autismo, acoso escolar, igualdade, sustentabilidade ambiental… e fondos **STEAM.**

## 10.6 Outras actuacións.

Mantemos a **invitación a escritores, artistas, pais/nais, avós, familiares do alumnado,** ou do Concello e, en xeral, persoas e entidades que favorecen a educación informacional e a mellora nos educandos do noso cole. Neste curso poderán ser presenciais ou virtuais segundo as necesidades e a situación epidemiolóxica.

Este curso será necesario establecer un **protocolo de apertura e uso consensuado co resto do equipo docente** que adapte o espazo da BE ás recomendacións das autoridades sanitarias e educativas. Indicaremos o persoal dispoñible, o horario de apertura da BE e o número de usuarios simultáneos, levaremos a cabo a desinfección do espazo e dos materiais (desinfección inicial do espazo e dispensadores de solución hidro-alcohólica), modo de realizar préstamos e devolucións (corentena de 4 horas  para os volumes devoltos), estableceremos as rutinas a modificar pola situación de pandemia coa posibilidade de

Avda. do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax. 881930117
cpi.axunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

separar espazos con mamparas e sinalizacións que faciliten o uso seguro das instalacións e materiais da BE.

Potenciaremos as actividades susceptibles de converterse en actividades non presenciais: encontros virtuais con autores, visita a museos, exposicións *online*… En colaboración cos departamentos didácticos, club de ciencias, aula maker, erasmus+, buscaremos deseñar **actividades tanto presenciais como dixitais** que se podan adaptar a un cambio na actividade lectiva de presencial a non presencial ou ao contrario.

## 10.7Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.

**Avaliación continua:** cada trimestre avalíase o grao de consecución dos obxectivos e actividades propostas, analízanse os problemas atopados e fanse propostas de mellora se fose o caso. Revísanse as suxestións formuladas polos membros da comunidade educativa.

**Criterios de avaliación do noso traballo**: Grao de implicación e coordinación do grupo de traballo (reunións). Grao de participación e satisfacción coas actividades propostas (enquisas, entradas na páxina web do centro e no blog da biblioteca). Índice de ocupación da biblioteca (rexistro). Nivel de empréstitos (listaxe e rexistros). Grao de desenvolvemento das competencias básicas (probas iniciais de curso e actividades de avaliación ou na biblioteca a final de curso).

**Analizamos cada obxectivo cos seus correspondentes procedementos de avaliación**.

1. Promover o funcionamento da BE como un espazo de aprendizaxe e entretemento ao alcance de toda a comunidade educativa.

**Procedementos.** Analizar trimestralmente o número de usuarios mediante os rexistros de préstamo. Cuantificar as actividades realizadas. Analizar a calidade mediante enquisas ou materiais producidos, incidindo na adquisición de competencias básicas. Colaborar coa ANPA no deseño de actividades.

2. Formar usuarios autónomos, realizando actividades para tal fin.

**Procedementos.** Realización de sinxelos proxectos interdisciplinares (sobre efemérides, centenarios de personaxes célebres, etc.) nos que teñan que consultar material en diferentes soportes.

3. Organización e participación na conmemoración de datas como o Día do Libro, o Magosto... **Procedementos.** Servizos e recursos para as familias, préstamo e información bibliográfica e invitación a participar en actividades de fomento da lectura e culturais (clubs

de lectura, charlas, talleres...) e dárlles resposta ás consultas e propostas que veñan dos pais e nais.

4. Actualizar os fondos da BE coa adquisición de materiais solicitados por alumnado, profesorado,...

**Procedementos.** Pedir a colaboración dos mestres e xefes de departamento así como do alumnado e as familias, para que aporten as suxestións de adquisicións. Ponderar a valoración dos usuarios.

5. Actuar como centro difusor de información referentes a concursos, novos materiais, lecturas…

**Procedementos.** Proposta de actividades, recompilación de materiais, participando activamente nas accións compensatorias do centro. Promoción de programas específicos (apoio ao estudo,...).

6. Promover campañas de fomento da lectura que consoliden o hábito lector na poboación escolar.

**Procedementos.** Promóvese a implicación activa das familias na competencia lecto-escritora.

7. Mellorar a organización, catalogación e funcionamento da biblioteca informatizándoa.

**Procedementos.** Manexar o programa de catalogación. Uns profesores formarán aos outros. Poñeremos unhas instrucións sinxelas no posto de traballo do bibliotecario para guiarnos.

8. Colaborar co traballo de aula, proporcionando materiais e recursos que faciliten o labor docente.

**Procedementos.** Fálase cos departamentos e CCP para establecer o que fai falta nos materiais de traballo na aula e biblioteca.

9. Facilitar recursos que encamiñen a "querer ler" de modo libre e á alfabetización múltiple.

**Procedementos.** Mediante as reunións periódicas do equipo da biblioteca, establécense as liñas prioritarias de asesoramento, información e necesidades do alumnado e profesorado.

Téñense en conta os seguintes **indicadores**:

Valor e integración no centro, accesibilidade, visibilidade, apoio ao currículo (análise de necesidades e oferta de servizos, adecuación dos recursos documentais, coordinación pedagóxica, competencias en lectura e escritura, dixital, en información e para aprender a

aprender, social e cidadá), usos e usuarios, planificación e avaliación, equipo de traballo, comunidade profesional e pontes coa comunidade.

**Instrumentos:** Formulario para ver o grao de coñecemento das actividades de biblioteca entre os membros da comunidade escolar / Cuestionario de satisfacción dos usuarios da biblioteca: para alumnos, para profesores, para outros usuarios, se é o caso / Rexistros de datos de: porcentaxe e frecuencia de uso da biblioteca por parte dos alumnos e dos profesores, actividades realizadas, préstamos e/ou consultas feitas.

## 10.8 Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

| Equipo de apoio | Nivel | Horas semanais |
|---|---|---|
| **Lucía Prieto Seijas** | **Secundaria / Coordinadora** | **4** |
| M. José Regueiro Vilar | Primaria | |
| Cecilia Dopico Souto | Infantil | |
| Mª Begoña Santiago Otero | Primaria | |
| Milagros Casal Hermida | Infantil | |
| Fátima Sánchez Martínez | Primaria | |
| Clara López Pedre | Primaria | |
| Mª Isabel López Rocha | Primaria | |
| Mª Montserrat Iglesias Rivera | Secundaria | |
| Mª Carmen González Díaz | Secundaria | 2 |
| Blanca López Moreno | Secundaria | |
| Xosé Luis Couce Martínez | Secundaria | |
| María X. Anca Casal | Secundaria | |
| Dulce López Rivera | Secundaria | |
| Concepción Rodríguez Cotos | Secundaria | |
| Mª Dolores Yáñez Casal | Primaria | |
| Sandra López López | Secundaria | |
| Ángeles Vázquez Maceiras | Primaria | |
| Héctor Rodríguez Cagiao | Primaria | |
| María Escuredo Doldán | Primaria | |

Avda. do Mar S/N, San Valentín
15500 - Fene - A Coruña
Tel. 881930110 Fax. 881930117
cpi.axunqueira@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpiaxunqueira
CPI A XUNQUEIRA

Esta Programación Xeral anual foi aprobada polo Consello Escolar do CPI A Xunqueira o día 15 de outubro de 2020.

En Fene, 16 de outubro de 2020

A directora,

Asdo: Mª Isabel Hermida Rodríguez